

GRAMMATICA



1. Morfoloxía.

1.1. Flexión nominal

Por ela réxense substantivos e adxectivos. Os sufixos gramaticais que aparecen ó final destas palabras indican, como viamos o ano pasado, non só o xénero e o número (como acontece en castelán e galego), senón tamén, e conxuntamente, **a función sintáctica** que cumpre na oración. Esta é a característica distintiva do latín fronte ás nosas linguas.

Cada un deses morfemas gramaticais ou desinencias recibe o nome de **caso**, e o latín posúe casos para cada unha das seguintes funcións sintácticas: Suxeito (SUX), Atributo (ATRB), Obxecto Directo (OD), Obxecto Indirecto (OI), Complemento do Nome (CN) e Complemento Circunstancial (CC). Estas seis funcións están representadas en latín por seis casos, aínda que a correspondencia caso-función non é exacta, como vemos na seguinte táboa:

CASO	FUNCIÓN(S)
NOMINATIVO (NOM)	SUX / ATRB
VOCATIVO (VOC) ¹	chamada
ACUSATIVO (AC)	OD / CC (con preposición)
XENITIVO (XEN)	CN
DATIVO (DAT)	OI
ABLATIVO (ABL)	CC (con ou sen preposición)

1.1.1. Substantivos

Os substantivos encádranse nunha serie de grupos cunhas desinencias distintivas, baseadas nas diferentes terminacións da súa raíz ou lexema (tamén chamado tema): a cada un deses grupos chamámoslle **declinación**. Hai ata cinco:

REMATE DO TEMA	DECLINACIÓN
-a	1ª
-o	2ª
-consonante	3ª
-i	
-u	4ª
-e	5ª

¹ Se lembramos o aprendido o curso anterior, o VOCATIVO non cumpre unha función sintáctica *sensu stricto*, xa que a chamada non ten esa consideración. Ademais, en latín a súa diferenciación respecto do NOMINATIVO só se marca morfoloxicamente no singular dos masculinos da 2ª declinación.

Lembremos tamén que en cada declinación os casos existen por partida dobre, xa que entra en xogo a categoría gramatical do número: en cada declinación hai unha desinencia para NOM de singular e outra para NOM de plural, por exemplo.

Convén distinguir a que declinación pertence cada substantivo para saber que función sintáctica cumpre na oración, pois cada declinación ten as súas propias desinencias, e ás veces hai homonimias: **-VM**, por exemplo, pode ser NOM e/ou AC singular na 2ª declinación, e XEN plural na 3ª. Por iso, cada un dos substantivos latinos preséntase nun vocabulario ou dicionario mediante un **enunciado**, que aparece sempre igual, con **dúas terminacións**. Nos seguintes modelos podemos apreciar cómo a través da segunda terminación (a do XEN singular), se diferencian cada unha das cinco declinacións latinas:

declinación	enunciado	
	NOM singular	XEN singular
1ª	terra,	-ae
2ª	populus,	-i
	templum	-i
3ª	homo	-inis
	turris	-is
4ª	manus,	-us
	cornu	-us
5ª	dies	-ei

A **1ª declinación** acolle substantivos femininos na súa grande maioría, con moi poucas excepcións (os nomes dalgúns oficios, por exemplo), convenientemente indicadas no dicionario que manexaremos ó longo do curso. Velaquí as súas terminacións:

caso (función)	singular	plural
NOM (SUX/ATR) + VOC	a	ae
VOC		
AC (OD/CC)	am	as
XEN (CN)	ae	arum
DAT (OI)	ae	is
ABL (CC)	a	is
	substantivos maioritariamente femininos, con algunhas excepcións (masculinas)	

A **2ª declinación** comprende substantivos masculinos e neutros maioritariamente (hai algúns femininos, sobre todo no campo dos nomes das árbores, tamén indicados no dicionario). Ademais, é posible distinguilos no seu enunciado, xa que os neutros presentan sempre terminación **-VM** na primeira forma (fíxate na táboa dos enunciados). Estas son as súas terminacións:

caso (función)	singular	plural	singular	plural
NOM (SUX/ATR)	us	i	um	a
VOC	e			
AC (OD/CC)	um	os	um	a
XEN (CN)	i	orum	i	orum
DAT (OI)	o	is	o	is
ABL (CC)	o	is	o	is
	substantivos maioritariamente masculinos, con algunhas excepcións (femininas)		substantivos neutros	

A **3ª declinación** é a máis complexa. Nela reuníronse os temas en consoante e os temas en -i. O que podería ter resultado como dúas declinacións diferentes rematou nunha soa, con algunhas diferenzas. O curso anterior aprendemos a distinguir os temas en consoante dos temas en -i cun pequeno truco: chamabamos “imparisílabos” a aqueles substantivos que presentaban un número diferente de sílabas no NOM e no XEN (como **ho-mo**, **ho-mi-nis**: 2+3=5), e “parisílabos” ós que tiñan o mesmo número de sílabas nos dous casos (como **tu-rris**, **tu-rris**: 2+2=4). Incluíamos tamén nos “parisílabos” os chamados “falsos imparisílabos”, recoñecibles por amosar un grupo consonántico no NOM (como en **urbs**, **urbis**: 1+2=3). Así, os “imparisílabos” eran os temas en consoante, mentres os “parisílabos” e “falsos imparisílabos” constituían os temas en -i.

En realidade, a distinción entre temas en consoante e temas en -i ten pouca importancia. Na práctica, impóñense os temas en consoante: a forma en **-IM** do AC de singular dos temas en -i é pouco frecuente, mentres a desinencia **-IS** do AC de plural dos mesmos temas é algo máis cotián, dependendo dos autores. De todos xeitos, moitas edicións dos textos presentan terminacións en **-ES**, sobre todo coa intención de evitar confusións co XEN de singular e algúns NOMs. Polo que se refire ás variabilidades de **-A / -IA** e **-VM / -IVM**, non son relevantes: cómpre fixarse no final da terminación en cada caso (**-A** e **-VM**, respectivamente).

A razón de que o cadro do NOM non recolla unha desinencia única débese á variabilidade coa que esta pode aparecer, como se aprecia nestes exemplos:

ordo , -inis	arbor , -oris	nubes , -is	fur , furis
mare , -is	lac , lactis	animal , -alis	caput , -itis

Polo mesmo, o xénero dos substantivos é menos predicible que nas dúas primeiras declinacións, polo que a nosa axuda será sempre o dicionario. Velaquí as terminacións:

caso (función)	singular	plural	singular	plural
NOM (SUX/ATR)	?	es	?	a
VOC				
AC (OD/CC)	em	es	?	a
XEN (CN)	is	um	is	um
DAT (OI)	i	ibus	i	ibus
ABL (CC)	i/e	ibus	i/e	ibus
	substantivos masculinos e femininos		substantivos neutros	

Ademais, esta declinación posúe unha serie de substantivos irregulares que son relativamente cotiáns nos textos que imos traducir, polo que convén coñecelos. Son **vis, vis** (“forza”), **luppiter, lovis** (“Xúpiter”) e **bos, bovis** (“vaca”, “boi”). Estas son as súas flexións:

caso (función)	vis, vis (“forza”)	
	singular	plural
NOM (SUX/ATR)	vis	vires
VOC	vis	vires
AC (OD/CC)	vim	vires
XEN (CN)	vis	virium
DAT (OI)	vi	viribus
ABL (CC)	vi	viribus

caso (función)	luppiter, lovis (“Xúpiter”)
	só singular
NOM (SUX/ATR)	luppiter
VOC	luppiter
AC (OD/CC)	lovem
XEN (CN)	lovis
DAT (OI)	lovi
ABL (CC)	love

caso (función)	bos, bovis (“vaca”, “boi”)	
	singular	plural
NOM (SUX/ATR)	bos	boves
VOC	bos	boves
AC (OD/CC)	bovem	boves
XEN (CN)	bovis	boum
DAT (OI)	bovi	bubus / bobus
ABL (CC)	bove	bubus / bobus

A **4ª declinación** recolle tamén substantivos masculinos, femininos e neutros. A maior dificultade que pode causar é o seu gran parecido coa 2ª. Igual que nesta última, os neutros pódense distinguir dos masculinos e femininos pola terminación do NOM, que no seu caso sempre será en **-V**. Para distinguir entre masculinos e femininos acudiremos ó dicionario. Estas son as súas terminacións:

caso (función)	singular	plural	singular	plural
NOM (SUX/ATR)	us	us	u	us
VOC				
AC (OD/CC)	um	us	u	us
XEN (CN)	us	uum	us	uum
DAT (OI)	ui	ibus	ui	ibus
ABL (CC)	u	ibus	u	ibus
	substantivos masculinos e femininos		substantivos neutros	

Finalmente, a **5ª declinación** apenas existe, xa que nos textos latinos conservados só dúas palabras documentan todos os casos en singular e plural: **res, rei** (fem) e **dies, diei** (masc/fem). Hai máis palabras que seguen esta declinación, pero nos textos conservados non aparecen en todos os casos: unha palabra como **spes, -ei**, que pertence a esta declinación, non aparece nunca en, por exemplo, XEN de plural, aínda que podemos construílo: ***sperum**. Velaquí as desinencias dos dous substantivos mencionados:

caso (función)	singular	plural
NOM (SUX/ATR) + VOC	es	es
VOC		
AC (OD/CC)	em	es
XEN (CN)	ei	erum
DAT (OI)	ei	ebus
ABL (CC)	e	ebus

1.1.2. Adxectivos

Os **adxectivos** réxense tamén polas declinacións, mais non do mesmo xeito. A súa función sintáctica básica é a de modificador dun substantivo. Ó ter esta dependencia, a concordancia en xénero, número e caso co substantivo é obrigatoria para el: se ben un substantivo pode ser masculino, feminino ou neutro, un adxectivo debe poder responder ós tres xéneros. Os adxectivos latinos teñen tres xeitos de facelo:

1. Incluindo na forma do adxectivo **unha terminación para cada xénero**. É o que coñecemos como **adxectivo de 3 terminacións**, **adxectivo do 1º tipo**, ou **adxectivo tipo bonus, -a, -um**. A terminación en **-us** segue a 2ª declinación masculina, a desinencia en **-a** toma a 1ª declinación, e o sufixo **-um** vai pola 2ª declinación neutra. Se nos fixamos, estas terminacións son os NOMs singulares de cada unha das declinacións citadas.
2. Presentando só **dúas terminacións**. Neste caso, a primeira dá conta dos xéneros masculino e feminino, mentres a segunda asume o neutro. Denomínase **adxectivo de 2 terminacións**, **adxectivo do 2º tipo** ou **adxectivo tipo fortis, -e**. Neste caso, as dúas formas seguen a 3ª declinación "parisílaba", coa particularidade de que **o ABL singular é sempre en -i**.
3. Cunha **única terminación**, na que se reúnen os tres xéneros. É o chamado **adxectivo dunha terminación** ou **adxectivo do 3º tipo**. É a posibilidade menos frecuente, tipo **felix, -icis**. A declinación que segue é a 3ª, co ABL singular tamén en **-i**.

O adxectivo pode recibir gradación, en dous niveis: o **comparativo** e o **superlativo**. O primeiro deles pode expresarse en tres modalidades:

a) inferioridade: **minus + ADX + quam**

b) igualdade: **tam + ADX + quam**

b) superioridade: de dous xeitos

- **magis + ADX + quam**: para adxectivos de máis de tres sílabas

- engadindo o sufixo **-ior, -ius** ó lexema, para adxectivos de tres ou menos sílabas. Este é o xeito máis cotián: morfoloxicamente trae como consecuencia que todos os adxectivos pasan a ter dúas terminacións no grao comparativo de superioridade. Pasan así a ser **adxectivos do 2º**

tipo e seguen a 3ª declinación. O segundo termo da comparación pode expresarse mediante a anticipación da partícula **quam** ou **en caso ABL sen partícula**.

En canto ó superlativo, fórmase engadindo ó lexema do adxectivo o sufixo **–issimus, -a, -um**. De xeito inverso ó comparativo de superioridade, todos os adxectivos en grao superlativo **pasan a ser do 1º tipo, e seguen a 2ª e 1ª declinacións**. Se o superlativo é relativo (a gradación realízase respecto a un elemento externo, tipo “o máis alto dos meus amigos”), a referencia (“dos meus amigos”) exprésase maiormente **en caso XEN** ou mediante o xiro **inter + AC**.

Cómpre ter en conta que catro adxectivos moi empregados forman o comparativo e superlativo de maneira irregular. Son os seguintes:

positivo	comparativo de superioridade	superlativo
bonus, -a, -um	melior, -ius	optimus, -a, um
malus, -a, -um	peior, -ius	pessimus, -a, um
magnus, -a, -um	maior, -ius	maximus, -a, um
parvus, -a, -um	minor, -us	minimus, -a, um

En canto ós numerais, debemos lembrar que, entre os cardinais, só os tres primeiros (e do 200 en adiante) presentan flexión:

- **unus, -a, -um**: declínase como un adxectivo do 1º tipo, coa excepción do XEN singular **unius** e o DAT singular **uni**. Por suposto, non posúe plural.
- **duo, -ae, -o**: sen singular por definición, escapa ó modelo dos adxectivos do 1º tipo polos seus NOM sing masculino e neutro (no enunciado), e polo DAT e ABL plural **duobus, duabus, duobus**.
- **tres, tria**: tamén con plural unicamente, segue ós adxectivos do 2º tipo.

Os ordinais son en todo iguais morfoloxicamente ós adxectivos do 1º tipo: **primus, -a, -um; secundus, -a, -um; tertius, -a, um**, etc.

RECOMENDACIÓNS

Calquera que teña certo hábito de traballo co latín decátase de que hai certas desinencias casuais “incómodas”, xa que a homonimia fai que aparezan en varias declinacións: é o caso de **–VM**, por exemplo, que aparece na 2ª, 3ª e 4ª declinacións. Con todo, existen outras que aparecen moi poucas veces, ou mesmo unha soa, en todos os paradigmas. A seguir damos unha serie de indicacións rápidas que poden axilizar o traballo cos textos:



1. Os neutros teñen **sempre o NOM e o AC iguais, co plural deses casos rematado en -A**, e o resto da súa declinación é idéntica á dos masculinos e femininos.

2. As terminacións **-AM** (AC singular 1ª decl.), **-ARVM** (XEN plural 1ª decl.), **-OS** (AC plural 2ª decl.), **-ORVM** (XEN pl 2ª decl.) e **-IBVS** (DAT-ABL plural 3ª e 4ª decl.) son únicas: sempre indican os mesmos casos.

3. A desinencia **-AE** indica sempre que unha palabra segue a 1ª declinación, e só pode ser XEN singular, DAT singular ou NOM plural.

4. A única ocasión na que o VOC se diferencia do NOM é no singular dos masculinos da 2ª declinación (**populus**, -i: NOM **populus**, VOC **popule**). No resto dos casos NOM e VOC son idénticos.

Quizais che sexa útil lembrar a canción *Carmen Declinativum* para manter na memoria as 5 declinacións latinas.

1.2. Flexión verbal

1.2.1. Formas persoais

O verbo latino está na orixe da morfoloxía do verbo castelán e do galego (aínda que este último se achega máis ó orixinal). Tal como viamos o curso anterior, os verbos latinos agrúpanse en conxugacións, de xeito semellante a como os substantivos se reúnen en declinacións. Ademais, o enunciado do verbo presentaba cinco formas. Velaquí os verbos modelo das cinco conxugacións, xunto co que indica cada unha das formas dese enunciado:

conx.	enunciado				
1ª	amo	-as	-are	-avi	-atum
2ª	moneo	-es	-ere	-ui	-itum
3ª	lego	-is	-ere	legi	lectum
4ª	audio	-is	-ire	-ivi	-itum
5ª	capio	-is	-ere	cepi	captum
	1º pers. sing. do presente de indicativo	2ª pers. sing. do presente de indicativo	infinitivo	1º pers. sing. do pret. perf. de indicativo	supino

Durante o curso anterior indentificabamos as conxugacións do seguinte xeito:

- observando a terceira forma (o infinitivo): **-are** sinalaba a 1ª, **-ere** a 2ª, e **-ire** a 3ª
- mirando a 1ª forma nos dous casos nos que o infinitivo remataba en **-ere**: se remataba en **-o** tratábase da 3ª, e se o facía en **-io**, da 5ª.

O certo é que, simplificando as cousas, a 5ª ten un comportamento morfolóxico case idéntico ó da 3ª; de feito, en moitas gramáticas chámasele “3ª mixta”; e o dicionario inclúea na 3ª. Polo tanto, quedarémonos con **4 conxugacións** en total.

Ademais, o dicionario que manexaremos durante este curso identifica claramente a conjugación a que pertence cada verbo. Ollemos estes exemplos:

- **lavo 1**: o número sinala que este verbo pertence á 1ª conjugación, e que debemos coñecer o resto do enunciado. Noutras palabras, todos os verbos da 1ª conjugación teñen o seguinte enunciado completo: -
o, -as, -are, -avi, -atum

- **cerno crevi cretum 3**: de novo, a cifra indica a pertenza do verbo á 3ª conjugación, mais neste caso (e tamén nos da 2ª e a 4ª) amósanos a cuarta e quinta formas do enunciado, mentres dá por suposto que nós coñecemos a segunda e terceira formas: **-is, -ere** nesta ocasión (e, xa que logo, **-es, -ere** na 2ª conjugación, e **-is, -ire** na 4ª).

Igual que o galego e o castelán, o verbo latino é sensible ás categorías gramaticais de **persoa** (tres, duplicadas entre singular e plural) **número** (singular e plural), **tempo** (*vid. infra*), **modo** (indicativo, subxuntivo e imperativo; *vid. infra*) e **voz** (activa e pasiva; *vid. infra*), e trátaas dun xeito moi semellante a como o fan as nosas linguas.

1. **Persoa**: o verbo latino posúe seis, tres para singular e tres para plural. Exprésaa mediante as seguintes desinencias, na voz activa (para a voz pasiva, *vid. infra*):

-o / -m	-s	-t	-mus	-tis	-nt
1ª sing	2ª sing	3ª sing	1ª plural	2ª plural	3ª plural

O pretérito perfecto de indicativo (e só el) posúe unhas desinencias de seu. Son estas:

-i	-isti	-it	-imus	-istis	-erunt / -ere
1ª sing	2ª sing	3ª sing	1ª plural	2ª plural	3ª plural

2. **Tempo e Modo**: debemos ter sempre presente que todos os verbos latinos posúen **dous lexemas para a formación dos tempos verbais**. O seu funcionamento é o seguinte:

- co **lexema 1** fórmanse os **tempos que non indican pasado completo**: o presente, pretérito imperfecto e futuro imperfecto de indicativo, xunto co presente e pretérito imperfecto de subxuntivo. Este lexema, tamén chamado **tema de presente** ou **infectum**, obtense **eliminando o -o** da primeira forma do enunciado. Nos verbos modelo, nas catro conjugacións, serían: **am-, mone-, leg-, audi-**

- co **lexema 2** constrúense os tempos que si indican pasado completo: pretérito perfecto, pretérito pluscuamperfecto e futuro perfecto de indicativo, ademais do pretérito perfecto e pluscuamperfecto de subxuntivo. Obtemos esta raíz, tamén chamada **tema de perfecto** ou **perfectum**, **eliminando o -i** da cuarta forma do enunciado. Nos verbos modelo: **amav-, monu-, leg-, audiv-**.

Cada un dos tempos verbais latinos (excepto o presente e o pretérito perfecto de indicativo) diferéncianse gracias a unha serie de sufixos portadores dos trazos de modo e tempo, e que se sitúan na forma verbal xusto antes da desinencia. Son os seguintes:

INFECTVM	
i)	-ba- sinala sempre o pretérito imperfecto de indicativo .
ii)	-b- indica o futuro imperfecto de indicativo na 1ª e 2ª conxugacións, mentres a 3ª e a 4ª toman -a- na 1ª persoa de singular, e -e- no resto.
iii)	o presente de subxuntivo tamén é diferente segundo as conxugacións: a 1ª toma o morfema -e- , mentres o resto emprega o sufixo -a- .
iv)	-re- é o morfema responsable do pretérito imperfecto de subxuntivo .
PERFECTVM	
i)	-era- é a marca do pretérito pluscuamperfecto de indicativo .
ii)	-er- é o morfema propio do futuro perfecto de indicativo .
iii)	-eri- é o sufixo do pretérito perfecto de subxuntivo .
iv)	-isse- é a característica do pretérito pluscuamperfecto de subxuntivo .

Polo que se refire ó modo **imperativo**, distínguese, nas súas formas máis cotiás, por ter un presente con só dúas persoas: a 2ª de singular e a 2ª de plural. Identifícase pola falta de desinencia na 2ª persoa de singular (**ama**, **mone**, **lege**, **audi**, nos verbos modelo), e pola aparición do sufixo **-te** na 2ª persoa de plural (**amate**, **monete**, **legite**, **audite**, nos modelos).

3. **Voz**: Igual que galego e castelán, o latín posúe a capacidade de presentar unha acción ou proceso verbal desde dous puntos de vista. Se o verbo concorda co impulsor desa acción, falamos de voz **activa**; se o fai o receptor da mesma, temos a voz **pasiva**.

A pasiva en latín non se forma de xeito idéntico no *inflectum* e no *perfectum*. No primeiro caso, conta cunhas desinencias específicas:

-r	-ris / -re	-tur	-mur	-mini	-ntur
1ª sing	2ª sing	3ª sing	1ª plural	2ª plural	3ª plural

O *perfectum* adquire unha forma perifrástica, que explicaremos ó falar da morfoloxía dos participios.

Ademais, debemos lembrar que en latín existen unha serie de verbos que só se conxugan en pasiva, aínda que á hora de traducilos debemos facelos en activa. Chámanse **verbos depoñentes**, e recoñécense porque a primeira forma do seu enunciado remata en **-or** en troques de **-o**. Exemplos: **utor**, **versor**, **miror**, **indignor**, **sequor**, etc.

A gran maioría dos verbos latinos seguen as catro conxugacións como modelo, pero hai unha serie deles que non o fai. Son denominados **irregulares**, feito tamén coñecido en galego e en castelán. O máis importante, por cotián, é o verbo **sum** (enunciado **sum, es, esse, fui**), xa traballado o curso anterior. Os que máis paga a pena coñecer, pola súa presenza abondosa nos textos que habemos ver, aparte de **sum**, son os seguintes:

- **possum, potes, posse, potui**: é un composto de **sum**. A súa característica principal é a alternancia **pos-/pot-** no prefixo, segundo a forma de **sum** que veña a continuación comece por vocal ou consonante. Así, no mesmo presente de indicativo temos a 3ª persoa de singular **potest**, mais a 1ª de plural **possumus**, por exemplo.

- **volo, vis, velle, volui** (e os seus compostos **nolo** e **malo**): as formas irregulares están no presente de indicativo, coa 2ª e 3ª persoas de singular (**vis, vult**) e 2ª de plural (**vultis**). Por outra banda, están o presente de subxuntivo (que segue o paradigma **velim, velis...**) e o pretérito imperfecto de subxuntivo (**vellem, velles...**).

- **fero, fers, ferre, tuli, latum**: de xeito análogo ó anterior, é irregular en varias persoas do presente de indicativo (2ª de singular **fers**, 3ª de singular **fert**, e 2ª de plural **fertis**), e tamén no pretérito imperfecto de subxuntivo (**ferrem, ferres...**).

- **eo, is, ire, ivi, itum**: de modo parecido ó verbo **sum**, posúe un presente de indicativo alternante entre un tema **e-** e un tema **i-** (**eo, is, it, imus, itis, eunt**). O segundo é a raíz do pretérito imperfecto de indicativo (**ibam, ibas...**), futuro imperfecto de indicativo (**ibo, ibis...**) e pretérito imperfecto de subxuntivo (**irem, ires...**).

RECOMENDACIÓNS

É evidente que para poder traballar ben os textos cómpre dominar o máis posible o verbo latino. Para isto hai dous camiños: aprender os paradigmas, que se poden atopar en abondosos libros de texto, gramáticas e páxinas web (*vid. infra*), ou ben observar unha serie de fenómenos que poden simplificar a nosa tarefa. A partir destes últimos podemos trazar un proceso de identificación de cada forma verbal, que seguiría estes pasos:

1. Ver se o lexema verbal da forma en cuestión é o de *infectum* ou o de *perfectum*. Para iso, observaremos o enunciado do verbo no dicionario: na primeira forma que aparece separaremos o **-o**, e na segunda, o **-i**. Logo comprobaremos cal das dúas raíces resultantes temos no verbo que queremos analizar. Por exemplo, en **haberemus** iremos buscar o verbo **habeo habui, habitum 2**; se retiramos o **-o** da primeira forma, obtemos **habe-**, e se eliminamos o **-i** da segunda, atopamos **habu-**. En **haberemus** observamos que a raíz presente é **habe-**. Polo tanto, trátase da raíz de *infectum*..

2. Se o tema obtido é o de *infectum*, separaremos a raíz e a desinencia persoal, e observaremos qué queda entre elas, segundo estas posibilidades:

i) **-ba-**: sempre **pretérito imperfecto de indicativo**.

ii) **–re-**: sempre **pretérito imperfecto de subjuntivo**. Tamén serve como referencia o feito de que este tempo sempre equivale ó infinitivo de cada verbo sumado ás desinencias persoais.

iii) **–b-, –bi- ou –bu-**: sempre **futuro imperfecto de indicativo**.

iv) **vocal**: é a situación máis complexa. Para solventala, **precisamos do enunciado completo do verbo, e mirar a segunda forma**. Se a vocal que vemos no verbo logo de separar a desinencia persoal **coincide coa da segunda forma do enunciado ou é un –u-**, temos un **presente de indicativo**. Se **non coincide**, podemos ter un **futuro imperfecto de indicativo** ou un **presente de subjuntivo**. Para resolver esta dúbida podemos seguir esta regra: **o presente de subjuntivo en galego e castelán é idéntico ó latino en todas as conjugacións**. Se coñecemos os nosos presentes de subjuntivo, saberemos que os da 1ª conjugación teñen o morfema de modo e de tempo **–e-** (eu/yo **ame**, ti/tú **ames**...), mentres os da 2ª e 3ª escollen o sufixo **–a-** (eu/yo **viva**, ti/tú **vivas**...). Pois ben: iso mesmo pasa en latín. Só temos que comparar as conjugacións latinas coas nosas: a 1ª latina equivale á 1ª galega e castelá, mentres as 2ª, 3ª e 4ª latinas conflúen na 2ª e 3ª das nosas linguas. Se a vocal que tiñamos coincide coa do presente de subjuntivo galego ou castelán, trátase dese tempo. Vexamos un exemplo:

Supoñamos que temos a forma **spernatis**. Miramos no dicionario e comprobamos que pertence ó verbo **sperno** *sprevi, spretum* 3. Segmentamos o **–o** na 1ª forma e o **–i** na 2ª: obtemos **spern-** e **sprev-**. A presente en **spernatis** é **spern-**, a 1ª raíz: é a de *infectum*. De seguido, cortamos a desinencia persoal, **–tis**. Así, entre **spern-** e **–tis** queda unha vocal: **–a-**. Por pertencer á 3ª conjugación, a 2ª forma do enunciado completo de **sperno** debe ser **–is**, que presenta unha vocal **–i-** e non coincide coa que temos no exemplo (**–a-**), nin é un **–u-**: non é un presente de indicativo; xa só pode ser futuro de indicativo ou presente de subjuntivo. Como **sperno** pertence á 3ª conjugación latina, pensemos nun verbo galego ou castelán regular da 3ª conjugación (igual fariamos se se tratase dun verbo da 2ª ou 4ª latinas): **durmir**, por exemplo. O seu presente de subjuntivo é **durma, durmas, durma...**, no que o morfema é **–a-**. Así, como **spern-a-tis** tamén ten **–a-**, é un presente de subjuntivo latino.

3. Se o tema que obtemos é o de *perfectum*, podemos atopar as seguintes posibilidades entre a raíz e as desinencias persoais:

i) **nada**: isto é, a propia raíz. Neste caso, estamos diante dun pretérito perfecto de indicativo (que, por outra banda, posúe unhas desinencias persoais especiais, como vimos antes).

ii) **–era-**: sempre **pretérito pluscuamperfecto de indicativo**.

iii) **–er-**: pode ser **futuro perfecto de indicativo** ou **pretérito perfecto de subjuntivo**. Estes dous tempos son completamente homónimos, agás na 1ª persoa de singular (**–ero** no primeiro caso e **–erim** no segundo). Con todo, son tempos moi pouco cotiáns e aparecen case unicamente en oracións subordinadas.

iv) **–isse-**: sempre **pretérito pluscuamperfecto de subjuntivo**.

Repetimos: se estes pasos resultan demasiado complexos ou revirados, sempre temos a opción de memorizar os paradigmas, como antes dicíamos.

Por outra banda, en latín, como en galego e castelán hai verbos irregulares. o máis importante é o verbo *sum* (“ser”, “estar”, “existir”, haber”) e os seus compostos:

INFECTVM			
	PRESENTE	PRET. IMPERFECTO	FUTURO IMPERFECTO
INDICATIVO	sum	eram	ero
	es	eras	eris
	est	erat	erit
	sumus	eramus	erimus
	estis	eratis	eritis
	sunt	erant	erunt
SUBXUNTIVO	sim	essem / forem	
	sis	esses / fores	
	sit	esset / foret	
	simus	essemus / foret	
	sitis	essetis /foretis	
	sint	essent / forent	
PERFECTVM			
	PRET. PERFECTO	PRET. PLUSCUAMPERFECTO	FUTURO PERFECTO
INDICATIVO	fui	fuera	fue
	fuisti	fueras	fueris
	fuit	fuerat	fuerit
	fuimus	fueramus	fuerimus
	fuistis	fueratis	fueritis
	fuerunt / fue	fuerant	fuerint
SUBXUNTIVO	fuerim	fuissem	
	fueris	fuissem	
	fuerit	fuisset	
	fuerimus	fuissemus	
	fueritis	fuissetis	
	fuerint	fuisissent	
algúns compostos de <i>sum</i>			
absum, abes, abesse, afui (estar ausente) adsum, ades, adesse, adfui (estar presente) praesum, praees, praeesse, praefui (estar á fronte de)		Còmpre estar atentos á segunda parte da forma verbal que se nos presente. Ex.: <i>abest, adsumus, praeeratis, prodesset, poterant, afuistis, defueram, prositis</i>	
possum, potes, posse, potui (poder, ser capaz) Hai que fixarse na alternancia pos- / pot-			
prosum, prodes, prodesse, profui (aproveitar) Hai que fixarse na alternancia pros- / prod-			

Frecuentes son tamén outros verbos irregulares, como *edo* (“comer”), *volo* (“querer”) e os seus compostos *nolo* (“non querer”) e *malo* (“preferir”), e tamén *eo* (“ir”), *fero* (“levar”) e *fio* (“chegar a ser”):

INFECTVM		
	PRESENTE	PRETÉRITO IMPERFECTO
INDICATIVO	edo	
	edis / es	
	edit / est	
	edimus	
	editis / estis	
	edunt	
SUBXUNTIVO		ederem / essem
		ederes / esses
		ederet / esset
		ederemus / essemus
		ederetis / essetis
		ederent / essent

INFECTVM						
	PRESENTE			PRET. IMPERFECTO		
INDICATIVO	volo	nolo	malo			
	vis	non vis	mavis			
	vult	non vult	mavult			
	volumus	nolumus	malumus			
	vultis	non vultis	mavultis			
	volunt	nolunt	malunt			
SUBXUNTIVO	velim	nolim	malim	vellem	nollem	mallem
	velis	nolis	malis	velles	nolles	malles
	velit	nolit	malit	vellet	nollet	mallet
	velimus	nolimus	malimus	vellemus	nollemus	mallemus
	velitis	nolitis	malitis	velletis	nolletis	malletis
	velint	nolunt	malint	vellent	nollent	mallent

INFECTVM						
	PRESENTE			PRET. IMPERFECTO		
INDICATIVO	eo	fero	fio			
	is	fers	fis			
	it	fert	fit			
	imus	ferimus	fimus			
	itis	fertis	fitis			
	eunt	ferunt	fiunt			
SUBXUNTIVO	eam			irem	ferrem	fierem
	eas			ires	ferres	fieres
	eat			iret	ferret	fieret
	eamus			iremus	ferremus	fieremus
	eatis			iret	ferretis	fieretis
	eant			irent	ferrent	fierent

Para rematar, existen algúns verbos defectivos (que non posúen todas as formas do paradigma) e outros tradicionalmente chamados impersoais que cómpre coñecer, aínda que, en todo caso, aparecen recollidos no dicionario:

inquam FORMAS: inquam, inquis, inquit	Empréganse nos estilos directos: “Avete, milites”, Caesar ait/inquit
aio FORMAS: aio, ais, ait, aiunt	
for, fari, fatus sum FORMAS: fatur, fatus est , (infinitivo: fari)	Emprégase sobre todo en textos poéticos, co significado de “dicir”

fulget (lostrega), pluit (chove), tonat (trona), lucescit (amanece), advesperascit (anoitece)	Son verbos que describen fenómenos atmosféricos
oportet (é preciso)	
libet (gusta, é agradable)	
licet (é lícito, está permitido)	
decet (cómpre)	
me miseret (dáme lástima)	
me paenitet (sábeme mal)	Todos eles constrúense cun pronome persoal en acusativo.
me taedet (fártame)	
me piget (dáme pena)	
me pudet (dáme vergoña)	

1.2.2. Formas non persoais

O latín, igual que as nosas linguas, tamén posúe no seu verbo unhas formas chamadas **nominais** ou **non persoais**: non teñen desinencias de persoa e número nin son sensibles ó modo, pero si posúen **marcas de tempo e voz**.

1. **Participios**: Ó contrario de galego e castelán, que só posúen un, en latín hai que falar de “participios”, en plural. Hai ata **catro**, e son sensibles ós tres eixos temporais básicos (presente, pasado e futuro), e tamén ás dúas voces (activa e pasiva). Son estes:

voz / tempo	PRESENTE	PASADO	FUTURO
ACTIVA	-ns, -ntis (ex.: amans, -ntis)		-turus, -a, -um (ex.: amaturus, -a, -um)
PASIVA		-tus, -a, -um -sus, -a, -um (ex.: amatus, -a, -um ; census, -a, -um)	-ndus, -a, -um (ex.: amandus, -a, -um)

O **participio de presente** (só o hai activo) recoméndase traducilo por un xerundio ou unha oración relativa (**amans**: “amando”, “o que ama”), dependendo de cal dos dous xeitos conveña máis segundo o contexto. A súa flexión é idéntica á dos adxectivos dunha soa terminación: segue a 3ª declinación. É doado de recoñecer pola súa terminación de NOM (**-ns**), e porque no resto dos casos presenta antes das desinencias o grupo consonántico **-nt-**. Nas nosas linguas deu como resultado os substantivos e adxectivos rematados en *-nte*, como *amante, quente, decente*...

O **participio de pasado** (só o hai pasivo) é o que herdaron o galego e o castelán (as terminacións **-tus, -a, -um** e **-sus, -a, -um** derivaron en *-do, -a* e *-so, -a*, respectivamente). Por iso o máis cómodo é traducilo por un participio dos nosos (**amatus**: “amado”). A súa forma dedúcese da derradeira forma do enunciado verbal (o supino). Vexamos un exemplo do dicionario:

credo credidi creditum: o participio de pasado será **creditus, -a, um**

De todos xeitos, aqueles participios de pasado que pola súa forma se afastan bastante da primeira forma do enunciado, aparecen de xeito independente no dicionario. Por exemplo: **latus, -a, -um** atopámolo nunha entrada que di: “p. p. de *fero*” (participio de pasado de *fero*).

Por outra banda, este participio intervéñen na formación do *perfectum* da voz pasiva en combinación co verbo *sum*, de xeito semellante ó que acontece nas nosas linguas: *é amado, foi amado, será amado...* Con todo, cómpre prestar atención a un feito: estas formas pasivas latinas (chamadas perifrásticas) poden confundirnos, xa que as formas do verbo *sum* empregadas nelas son as do *infectum*. Isto fai que se nos asemellen moito a formas verbais pasivas nosas que non son a súa tradución. Fixémonos nesta táboa:

PASIVA LATINA	TEMPO	TRADUCIÓN
amatus est	pret. perfecto (e non presente)	“el foi amado” (e non “é amado”)
amata erat	pret. plusc. (e non pret. imperf.)	“ela fora amada” (e non “era amada”)
amatus erit	fut. perf. (e non fut. imperf.)	“el terá sido amado” (e non “será amado”)
amata sit	pret. perfecto de subx. (e non pres. de subx.)	“ela teña sido amada” (e non “sexa amada”)
amatus esset	pret. plusc. de subx. (e non pret. imp. de subx.)	“el tivese sido amado” (e non “fose amado”)

Isto, por suposto, débese ó feito de que as formas do *infectum* se constrúen mediante unhas desinencias propias. Con todo, da táboa anterior a maior frecuencia nos textos corresponde ás dúas primeiras formas: o pretérito perfecto e máis o pluscuamperfecto de indicativo.

Os **participios de futuro** (hai un activo e outro pasivo) non se parecen a ningún elemento da nosa lingua, xa que só conservamos algúns como substantivos e adxectivos, mais non como verbos (palabras como *feitura*, e mesmo nomes propios, como *Amando*, -a). Identifícanse ben gracias ás súas terminacións características: o activo posúe o sufixo **-ur-** antes das desinencias flexivas, e o pasivo ten o morfema **-nd-** na mesma situación. O **activo** cómpre traducilo como unha oración relativa co verbo en futuro ou perífrase equivalente (**amaturus**: “o que amará”, “o que vai/ha amar”). Pola súa banda, o **pasivo** ten un valor engadido de obriga, polo que a mellor tradución é a dunha oración relativa cun verbo ou perífrase de obriga (**amandus**: “o que debe ser amado”).

Estes dous participios tamén se poden construír co verbo *sum* en perífrase, do xeito que vemos nesta táboa:

nome	construción	exemplos e tradución	
perifrástica de futuro activa	participio de fut. act. + verbo <i>sum</i>	amaturus est	“el vai amar
		amatura erat	“ela ía amar”
perifrástica de futuro pasiva	participio de fut. pas. + verbo <i>sum</i>	amandus est	“el debe ser amado”
		amanda erat	“ela debía ser amada”

No caso da perífrástica de futuro pasiva, pode aparecer na oración a función de AXENTE (como na pasiva simple), expresada en DAT: **homines nobis amandi sunt** (“os seres humanos deben ser amados por nós”, ou “debemos amar ós seres humanos”). Se nos fixamos, decatáremos de que as traducións destas perífrásticas son iguais ás dos seus participios, mais eliminando a oración relativa: **amandus** (“o que debe ser amado”) fronte a **amandus est** (“el debe ser amado”). Estas perífrases, sobre todo a de futuro pasiva, son relativamente frecuentes nos textos que habemos traballar.

2. **Infinitivos**: Galego e, sobre todo, castelán son aquí máis ricos (o castelán posúe infinitivos de presente e pasado activos e pasivos: *amar*, *ser amado*, *haber amado*, *haber sido amado*), mais non chegan á abundancia que presenta o latín. Igual que nos participios, tense en conta o tempo e a voz, e así obtemos ata **seis** infinitivos, como vemos na seguinte táboa:

voz / tempo	PRESENTE		PASADO		FUTURO
ACTIVA	amare	monere	amavisse	monuisse	part. futuro activo + esse
	legere	audire	legisse	audivisse	
PASIVA	amari	moneri	part. pasado + esse		part. futuro pasivo + esse
	legi	audiri			

Como se pode apreciar, no presente a pasiva fórmase substituíndo o sufixo **–re** do infinitivo activo por **–ri**. Con todo, isto non acontece coa 3ª conxugación, na que todo o sufixo **–re** se ve reemplazado por outro **–i**. Isto fai que os infinitivos pasivos desta conxugación sexan difíciles de recoñecer nos textos: formas como **cerni** (de **cerno**), **uti** (de **utor**), ou **capi** (de **capio**) son infinitivos de presente pasivos, aínda que a primeira vista non o parecen. Polo que se refire á súa tradución, é sinxela: **amare** tradúcese por “amar”, e **amari** por “ser amado”.

En troques, o infinitivo de pasado activo identifícase doadamente gracias á súa desinencia **–isse**. A súa tradución non é cómoda en galego pola falta que esta lingua ten de tempos compostos, mais podemos recorrer a unha perífrase. Así, **legisse** pódese traducir por “ter lido” (o castelán dispón, como dicíamos, de infinitivo de pasado: “haber leído”, neste caso).

O resto dos infinitivos da táboa constrúese, como se viu, a base dos participios que vimos de ver, mais **sempre declinados en AC**. Por exemplo:

amatum, -am, -um esse é infinitivo de pas. pasivo de **amo** (gal.: “ter sido amado”; cast.: “haber sido amado”).

moniturum, -am, -um esse é infinitivo de fut. activo de **moneo** (gal.: “ir advertir”; cast.: “ir a advertir”).

audiendum, -am, -um esse é infinitivo de fut. pasivo de **audio** (gal. e cast.: “deber ser oído”).

Así, podemos comprobar que naqueles infinitivos nos que intervén o participio (o de pasado pasivo e os dous de futuro), volvemos atopar a tradución dos participios, mais adaptada ó infinitivo.

3. **Xerundio e xerundivo**: As gramáticas latinas chaman así a dous usos do participio de futuro pasivo (o rematado en **-ndus, -a, um**):

a) **Xerundio**: é o participio de futuro pasivo nas súas terminacións **-um, -i, -o, -o** (AC, XEN, DAT e AB singular masculino-neutro). Aparece nos textos en construcións como as dos seguintes exemplos:

- AC: **paratus ad discendum**: “preparado para aprender”

- XEN: **facilis cognoscendi**: “doado de coñecer”

- DAT: **aptus docendo**: “apto para ensinar”

- AB: **proficere laborando**: “sacar proveito traballando”

Dos exemplos anteriores podemos deducir que o xerundio se traduce por infinitivo precedido da preposición propia do caso de que se trate (ou a preposición latina, se aparece), excepto no AB, que se pode traducir por un xerundio noso.

b) **Xerundivo**: a diferenza co anterior é que este pode aparecer en todos os casos da flexión, e adoita levar en concordancia máis elementos, como nestes casos:

- **cupidus litterarum discendarum**: “desexoso de aprender as letras”

- **ad firmandam novam civitatem Romulus virgines rapuit**: “Rómulo raptou ás mozas para fortalecer a nova comunidade”

A súa tradución máis cómoda é sempre por infinitivo precedido da preposición do caso de que se trate (ou a preposición latina, se aparece), engadíndolle como OD a palabra ou palabras coas que concorda, como se viu nos exemplos anteriores.

3. **Supino**: Constitúe un auténtico fósil, e apenas aparece nos textos. Resúltanos coñecido desde o curso anterior por ser a derradeira forma do enunciado de cada verbo: **amo, -as, -are, -avi, -atum**. Como indicamos antes, serve para deducir a forma do participio de pasado de cada verbo.

A súa morfoloxía é moi escasa, pois só posúe un AC sing en **-um** e un AB sing en **-u** (algúns verbos, moi poucos, documentan un DAT sing en **-ui**). Esta circunstancia fai que no AC sing se poida confundir co participio de pasado.

O seu uso sintáctico, escasísimo. redúcese a dúas posibilidades:

- a) AC sing: complemento de verbos de movemento que dan idea de finalidade:

Eamus lusum ("Vaíamos xogar")

- b) AB sing: complemento dalgúns adxectivos como **fas** ("lícito"), **facilis** ("fácil") e os seus respectivos antónimos **nefas** e **difficilis**:

facile dictu ("fácil de dicir")

Insistimos en que hai poucas posibilidades de atopámonos con un supino nos textos latinos que se van traballar este curso.

1.3. Flexión pronominal

As gramáticas latinas veñen denominando, de sempre, pronomes a uns elementos da lingua que posúen flexión, mais non seguen o mesmo patrón dos substantivos e adxectivos. Con este criterio morfolóxico aparecen nesta clase de palabras algunhas que nas nosas linguas adoitamos calificar de determinantes (posesivos, demostrativos e indefinidos).

1. **Persoais**: Son sensibles ás categorías de caso, número e persoa. Lembremos a peculiaridade que supón, respecto ás nosas linguas, a ausencia do NOM do pronome de 3ª persoa: adoitábase suplir cun demostrativo. O uso dos demais NOMs ten sempre un matiz enfático, xa que a persoa gramatical expresada nas desinencias verbais identificaba claramente o protagonista da acción ou proceso verbal. Como exercicio de memoria, podes acudir á canción *Pronominalis Saltatio*



2. **Posesivos**: Tamén expresan caso, número e persoa. Son os seguintes e a súa flexión é idéntica á dos adxectivos do 1º tipo::

1ª sing	2ª sing	3ª sing
meus, -a, -um	tuus, -a, -um	suus, -a, -um
1ª pl	2ª pl	3ª pl
noster, -tra, -trum	vester, -tra, -trum	suus, -a, -um

3. **Demostrativos**: Teñen a flexión máis complexa dentro dos pronomes:

- a) Demostrativos deíticos: sinalan na realidade, de acordo con tres distancias, igual que en galego e en castelán: a máis próxima (**hic, haec, hoc**: "este, esta, isto"), a intermedia (**iste, ista, istud**: "ese, esa, iso"), e a máis afastada (**ille, illa, illud**: "aquele, aquela, aquilo").

- b) Demostrativos fóricos e identificativos: serven para establecer referencias dentro dun texto escrito e/ou facer fincapé na identidade dunha persoa ou cousa. Son tamén tres, dos cales o máis frecuente, con diferenza, é o primeiro: **is, ea, id** ("este, esta, isto", ou ben un pronome átono: "o, a" ou "lle, lles", cando

van en AC ou DAT). Son bastante empregados tamen o identificativo **idem**, **eadem**, **idem** (“o mesmo, a mesma”), e o identificativo enfático **ipse ipsa ipsum** (“el mesmo, ela mesma, elo mesmo”). Teñen a súa propia flexión, que presenta trazos coincidentes coa dos substantivos e adxectivos, pero posúen abondas particularidades que lle dan identidade propia, o que adoita provocar, ademais, unha certa dificultade de identificación:

DEMONSTRATIVOS DEÍCTICOS

	m	f	n	m	f	n
NOM	hic	haec	hoc	hi	hae	haec
AC	hunc	hanc	hoc	hos	has	haec
XEN	huius			horum	harum	horum
DAT	huic			his		
AB	hoc	hac	hoc	his		
NOM	iste	ista	istud	isti	istae	ista
AC	istum	istam	istud	istos	istas	ista
XEN	istius			istorum	istarum	istorum
DAT	isti			istis		
AB	isto	ista	isto	istis		
NOM	ille	illa	illud	illi	illae	illa
AC	illum	illam	illud	illos	illas	illa
XEN	illius			illorum	illarum	illorum
DAT	illi			illis		
AB	illo	illa	illo	illis		
	SINGULAR			PLURAL		

DEMONSTRATIVOS FÓRICOS

	m	f	n	m	f	n
NOM	is	ea	id	ii	eae	ea
AC	eum	eam	id	eos	eas	ea
XEN	eius			eorum	earum	eorum
DAT	ei			iis		
AB	eo	ea	eo	iis		
NOM	idem	eadem	idem	iidem	eadem	eadem
AC	eundem	eandem	idem	eosdem	easdem	eadem
XEN	eiusdem			eorundem	earundem	eorundem
DAT	eidem			iisdem		
AB	eodem	eadem	eodem	iisdem		
NOM	ipse	ipsa	ipsum	ipsi	ipsae	ipsa
AC	ipsum	ipsam	ipsum	ipsos	ipsas	ipsa
XEN	ipsius			ipsorum	ipsarum	ipsorum
DAT	ipsi			ipsis		
AB	ipso	ipsa	ipso	ipsis		
	SINGULAR			PLURAL		

4. **Relativos:** De gran importancia na sintaxe das oracións subordinadas. O principal é **qui, quae, quod**, e a partir del fórmase o composto **quicumque, quaecumque, quodcumque** (“calquera que”). Velaquí a flexión do primeiro deles, moi utilizado na prosa latina:

qui	quae	quod	qui	quae	quae
quem	quam	quod	quos	quas	quae
cuius			quorum	quarum	quorum
cui			quibus		
quo	qua	quo	quibus		
quicumque, quaecumque, quodcumque			O elemento -cumque permanece invariable; o primeiro segmento, como é obvio, declínase como o relativo simple TRADUCIÓN: “ <u>calquera que</u> ”		
quisquis, quidquid			Só pode aparecer nestas dúas formas (nom. masc-fem e nom-ac neutro) TRADUCIÓN: “ <u>calquera que</u> ”		
qualis, -e			Declínase como un adxectivo do 2º tipo TRADUCIÓN: “ <u>igual que</u> ”		

5. **Interrogativos:** Hai bastantes (atópanse no dicionario), pero os máis importantes son os seguintes:

interrogativos	características da flexión
quis, quae, quid (“quen?, cal?”)	Igual á do relativo, coa excepción das formas quis e quid , nos NOM singular masculino e neutro
qualis, -e (“cal?”)	Igual á dun adxectivo do 2º tipo
uter, utra, utrum (“cal dos dous?”)	Igual á dun adxectivo do 1º tipo, coas excepcións do XEN sing unius e o DAT sing uni

6. **Indefinidos:** O latín é moi rico nestes elementos. Na seguinte táboa temos os máis cotiáns:

indefinidos	características da flexión e tradución	
aliquis, aliqua, aliquid (quis, qua, quid cando vai despois da conxunción si)	FORMA	A súa base é a raíz do relativo qui, quae, quod e o interrogativo quis, quae, quid . A esa raíz, que é a que se declina, sóldase un elemento invariable antes (ali-quis) ou despois (qui-dam; quis-quam; quis-que). A flexión da parte declinable é igual á do pronome relativo ou o interrogativo quis
quidam, quaedam, quidam/quodam		
quisquam, quaequam, quidquam/quodquam		
quisque, quaeque, quidque/quodque		
alius, alia, aliud	FORMA	Declínanse como un adxectivo do 1º tipo, coa excepción do XEN sing (alterius para os dous) e o DAT sing (alii para alius e alteri para alter)
alter, altera, alterum		
	TRADUCIÓN	“outro”, se aparece unha vez “un/unha... outro/a”, se aparece dúas veces
ullus, ulla, ullum (“algún, algunha, algo”)	FORMA	Declínanse como un adxectivo do 1º tipo, agás no XEN sing (rematado en -ius: ullius , p. ex.) e no DAT sing (rematado en -i: nulli , p. ex.)
nullus, -a, -um (“ningún, ningunha, nada”)		
unus, -a, -um (“un só, un soa, unha soa cousa”)		
totus, -a, -um (“todo/-a enteiro/-a”)		
solus, -a, -um (“só, soa”)		

nemo, -inis	FORMA TRADUCIÓN	Segue a 3ª declinación no NOM, AC e DAT de sing “ninguén”
uterque, utraque, utrumque	FORMA	O segmento -que é invariable; para a declinación, ver uter, utra utrum
	TRADUCIÓN	“ambos, -as”

RECOMENDACIÓNS

A flexión pronominal é complexa porque inclúe moitas palabras e non é tan regular como a nominal. Por iso, para dominala é obrigado consultar e memorizar bastantes paradigmas. Ademais, os demostrativos (sobre todo o fórico **is, ea, id**) son moi cotiáns nos textos, e a oración relativa ten un papel importante na subordinación, o cal fai tamén moi presente o pronome relativo. Con todo, para facilitar a aprendizaxe desta flexión recomendamos o seguinte:

1. **Aprender ben os pronomes persoais e o relativo.** Sabendo ben este último, os relativos, interrogativos e indefinidos que se basean nel son doados de identificar, sempre que descontemos os elementos invariables que leva soldados.
2. Entre os demostrativos, é **importante coñecer** ben **hic, haec, hoc**, e máis **is, ea, id**. Os demais, igual que os indefinidos non baseados na raíz do relativo, seguen esta norma: **declínanse como un adxectivo do 1º tipo, coa excepción do XEN singular**, que sempre remata en **-ius**, e o **DAT singular**, que o fai en **-i**.

1.4. Palabras invariables

O latín, igual que o galego e castelán, posúe palabras que non reciben flexión: non posúen desinencias que informen de valores gramaticais como o xénero, o número, o caso, etc. Deixando á parte as interxeccións, adoitamos falar de tres clases de palabras invariables:

a) os **adverbios** atópanse sen maior dificultade no dicionario, aínda que convén coñecer certos mecanismos de formación de adverbios a partir de adxectivos, xa que aparecen con relativa frecuencia nos textos. É un procedemento análogo ó que temos nas nosas linguas gracias ó sufixo **-mente** que agregamos ó final dos adxectivos. Así, o latín dispón dos seguintes sufixos:

- **-o / -e**: para adxectivos do 1º tipo. Por exemplo, de **clarus, -a, -um** podemos obter **clare**.
- **-iter**: para adxectivos do 2º e 3º tipo. Por exemplo, de **fortis, -e** obtemos **fortiter**.

Por outra banda, estes adverbios derivados de adxectivos poden recibir gradación: o comparativo de superioridade fórmase engadindo o sufixo **-ius** (**fortius**: “máis fortemente”), e o superlativo co morfema **-issime** (**fortissime**: “moi fortemente”).

b) as **preposicións** só poden rexer dous casos, como xa sabemos: AC e ABL. Tamén se atopan doadamente no dicionario, pero facilita o traballo coñecer as máis cotiás. Son as seguintes:

- **a /ab + ABL**: “de, desde”; coa voz pasiva, “por”.
- **ad + AC**: “a, cara a, xunto a”.

- **e / ex + ABL**: “de, desde”.
- **in + AC**: “a, cara a”.
- **in + ABL**: “en”.
- **inter + AC**: “entre”.
- **per + AC**: “por, a través de”.
- **pro + ABL**: “”diante de, en lugar de”.
- **sine + ABL**: “sen”
- **sub + AC/ABL**: “debaixo de, baixo”.
- **super + AC**: “sobre”.

c) as **conxuncións** constitúen un conxunto amplo e serán estudadas en detalle cando abordemos a sintaxe da oración composta, dado que son partículas maiormente empregadas para establecer relacións entre cláusulas. Con todo, dentro delas, as chamadas coordinantes adoitan aparecer nas oracións simples, unindo elementos dentro delas. Son as **copulativas** e as **disxuntivas**, xa coñecidas do curso anterior. As máis cotiás, se lembramos, son:

i) **copulativas**:

- **et, atque, -que** (esta última enclítica): “e”.
- **nec, neque**: “e non, nin”.

ii) **disxuntivas**:

- **aut, vel, -ve** (esta última enclítica): “ou”.

2. Sintaxe

2.1. Usos dos casos

O curso anterior aprendemos os valores e usos básicos dos casos latinos. Agora faremos un repaso daqueles conceptos e engadiremos algunhas precisións útiles á hora de traballar os textos.

Ó achegámonos a este tema, cómpre ter claro un concepto: **os usos sintácticos do latín (ou de calquera outra lingua) son característicos del, e non deben ser analizados pensando na súa tradución a outros idiomas.** Por exemplo, no apartado 3.1.3., dedicado ó Acusativo (AC), falaremos dun uso especial coñecido como “dobre acusativo”, do que sempre se cita un famoso exemplo:

Docere pueros grammaticam

A tradución desta secuencia é “ensinar gramática ós nenos”. Nela **pueros**, que en latín aparece en AC sen preposición e, polo tanto, cumpriría a función de Obxecto Directo, pasa a ser un Obxecto Indirecto (“ensinar**lles** gramática”). Pois ben: iso non pode levar a deducir que, en ocasións, o AC latino desenvolve a función de Obxecto Indirecto. Máis ben cómpre dicir que se trata dun uso especial da lingua latina que non ten correspondencia exacta en galego ou castelán. O progresivo coñecemento destas peculiaridades, coñecidas como idiomatismos, dá a medida do dominio dunha lingua, como ben poden dicir as persoas que aprenden un idioma estranxeiro.

A conclusión de todo o anterior é a seguinte: **traducir non é transliterar, é dicir, substituír mecanicamente significados e estruturas, senón buscar expresións máis ou menos equivalentes para un mesmo significado.** Por exemplo, o dito inglés *it's raining cats and dogs* non se traduce “choven cans e gatos”, senón “chove a cántaros”.

2.1.1. O Nominativo (NOM)

O NOM é, fundamentalmente, o **caso da concordancia co verbo nas oracións predicativas** (aquelas que non teñen como núcleo un verbo copulativo, tipo *sum*), e o da **concordancia co verbo e o Suxeito nas atributivas** (aquelas cuxo núcleo é un verbo copulativo ou un verbo pasivo). Polo tanto, as funcións sintácticas que lle corresponden son aquelas que chamamos **Suxeito (SUX)** e **Atributo (ATRB)**:

Alumni discere amant (“Os alumnos aman aprender”)

Alumni discendi cupidi sunt (“Os alumnos están ansiosos de aprender”)

Cicero consul creatus est (“Cicerón foi elixido cónsul”)

Por suposto, nunha oración poden aparecer elementos, habitualmente entre comas, en concordancia co NOM: é o que adoitamos chamar aposición. Isto non quere dicir que a aposición sexa unha función sintáctica nin que sexa propia do NOM. Trátase dun fenómeno propio da concordancia, e por iso pode darse con calquera caso:

NOM: **Alumni, a magistro ducti, discunt** (“Os alumnos, guiados polo mestre, aprenden”)

AC: **In scholam alumnos, a magistro ductos, invenire videmus** (“Vemos chegar á escola ós alumnos, guiados polo mestre”)

A función que chamamos ATRB, e que consiste en engadir unha característica ó SUX da oración, co que concorda, non só se dá co verbo *sum*. Pode aparecer tamén con verbos non copulativos, e neste caso chámase **Predicativo (PTVO)**, como neste exemplo:

Caesar victor evasit (“César saíu vencedor”)

Mais, de novo, esta función non é exclusiva do NOM, xa que pode aparecer con outros casos, como o AC neste exemplo:

Ciceronem tristem videmus (“Vemos a Cicerón triste”)

2.1.2. O Vocativo (VOC)

O VOC non desenvolve unha función sintáctica propiamente dita. Tampouco posúe en latín unha marca morfolóxica ben definida xa que, como vimos, só se distingue do NOM no singular dos masculinos da 2ª declinación, coa desinencia **–e**.

Co seu valor de “chamada” está preto dunha interxección. Por iso, nos textos nos que aparece adoita ser doado de identificar, posto que aparece maiormente entre comas e mesmo acompañado, precisamente, dunha interxección ou o signo gráfico de admiración:

Vale, optime frater (“Adeus, excelente irmán”)

O fortunate adulescens! (“Ah, afortunado mozo!”)

2.1.3. O Acusativo (AC)

Este caso é, xunto co AB, o único que pode ser rexido por preposicións (cunha pequena excepción no XEN, como habemos ver).

Cando a preposición está presente, dicimos que o AC, xunto con ela, desenvolve a función de **Complemento Circunstancial (CC)**, e é o seu significado o que nos guía á hora de interpretar o senso do CC (lugar ou tempo, p. ex.).

Venerunt ad eundem rivum (“Chegaron ó mesmo río”)

Se o AC aparece sen preposición, desenvolve maiormente a función que chamamos **Obxecto Directo (OD)**. Unha posible definición do OD (partindo do galego e o castelán) é a que o caracteriza como o complemento verbal que se pode substituír polo pronome átono *o, a, os, as / lo, la, los, las* (en latín a substitución faríase por unha forma en AC do fórico *is, ea, id*):

Scipio Hannibalem vicit = Scipio eum vicit (“Escipión venceu a Aníbal”=“... venceuno”)

Con todo, na maioría das gramáticas inclúense certos usos de AC sen preposición non caracterizados como OD, aínda que algúns deles seguen a regra da substitución. Son os seguintes:

1. **AC de extensión no espazo:** Exemplo:

Tria milia ambulamus (“Camiñamos tres millas”)

Se facemos a substitución, obtemos **Ea ambulamus** (“Camiñámolos”)

2. AC de extensión no tempo: Exemplo:

Multos annos vivere volumus (“Queremos vivir moitos anos”)

Tamén resiste a substitución: **Eos vivere volumus** (“Queremos vivilos”)

Polo tanto, co criterio da substitución, estes AC serían simples ODs; iso si, cun significado de tipo local no primeiro caso, e temporal no segundo.

Os que aquí si consideraremos usos especiais do AC, e que convén coñecer, son estes:

1. Dobre AC:

a) AC + PTVO (*vid.* o final do apartado dedicado ó NOM)

b) AC de persoa + AC de obxecto: con verbos que significan “ensinar”, “ocultar” ou “pedir, rogar”:

Docent puellas musicam (“Ensinan música ás rapazas”)

Gratiam meum fratrem oro (“Prégolle un favor ó meu irmán”)

Na tradución ás nosas linguas, o AC de persoa resulta sempre un Obxecto Indirecto (OI)

c) dobre AC + verbo con prefixo: Exemplo:

Caesar exercitum Rhenum traducit (“César fai ó exército cruzar o Rhin”)

É cotián interpretar este caso así: o prefixo verbal, que é unha forma da preposición **trans**, rexe un dos ACs (neste caso **Rhenum**), converténdoo en realidade nun CC.

2. **AC de dirección:** Algunhas palabras non precisan preposición para indicar dirección no espazo. Son os **nomes de cidade**, **illas pequenas**, e os substantivos **domus** e **rus**. Neses casos, abonda coa palabra declinada en AC (e, por suposto, a presenza dun verbo que indique dirección):

Eo Romam (“Vou a Roma”)

Eo rus (“Vou ó campo”)

2.1.4. O Xenitivo (XEN)

Posúe dous usos, dos cales o maioritario é, con moito, o primeiro:

1. **Complemento adnominal:** A súa función é a de **modificador (MOD)** dun **substantivo** ou un **adxectivo**, deixando fóra a concordancia. Nas gramáticas recoñéceselle moitos valores de tipo semántico. O máis sinxelo, á hora de velo nos textos latinos, é ter presente que **equivale ó que adoitamos chamar Complemento do Nome (CN), e déixase traducir pola preposición “de”**.

domus Caesaris (“a casa de César”)

cupidus amoris (“ansioso de amor”)

Cos substantivos **causa** e **gratia** en AB adoita aparecer, anteposto, un XEN. Deste xeito constitúese unha frase feita, na que **causa** e **gratia** se traducen como “por” ou “por causa de”:

Salutis meae causa id fecit (“Fíxoo pola miña salvación”)

Algunhas gramáticas chegan, nestes casos, a falar de **causa** e **gratia** como preposicións de XEN.

2. **Complemento adverbial**: É exclusivo de verbos cos seguintes significados:

a) “estimar”, “apreciar”:

Antonius voluptatem parvi putat (“Antonio estima en pouco o pracer”)

b) “acusar”, “absolver”, “condenar”:

Catilina proditiōnis accusatur (“Catilina é acusado de traición”)

c) “lembrar”: Neste caso, tamén nos serve a preposición “de”:

Vitae nostrae memini (“Lémbrome da nosa vida”)

2.1.5. O Dativo (DAT)

É cotián velo definido como o caso que expresa o interese ou implicación que unha persoa ou obxecto ten respecto da acción ou proceso verbal. Isto corresponde á **función que nas nosas linguas chamamos Obxecto Indirecto (OI)**, e o máis sinxelo é identificalo como aquel constituínte que se pode substituír polos pronomes átonos *lle, lles / le, les* (ou, en latín, o fórico *is, ea, id* en DAT). Así, **para traducilo, sempre poderemos empregar** as nosas preposicións **a** e/ou **para**:

Dedi librum puellae = Dedi librum ei (“Dei o libro á rapaza”=“Deillo”)

Por outra banda, hai unha serie de verbos intransitivos (non poden ter OD) que se serven do DAT como o seu complemento. Deses verbos dise que “rexen DAT”. Estes casos constitúen exemplos de idiomatismos dos que falabamos. Algúns deles non resultan incómodos na tradución: o máis que acontece e que, ó traducir os DATs, pasan a ser ODs:

Rex paucis hominibus favebat (“O rei favorecía a poucas persoas”=“... favorecíaa”)

A explicación de que estes casos non nos dean problemas está en que tamén traducimos o OD mediante a preposición **a**, o que fai que en aparencia desapareza a diferenza entre OD e OI.

Outros idiomatismos pódennos causar máis atrancos de non estar sobre aviso. Polo tanto, indicamos os máis importantes a seguir, nos que sempre está implicado o verbo *sum*..

1. **DAT posesivo co verbo *sum***:

Quinque filii nobis sunt

A tradución literal sería “Hai para nós cinco fillos”. Como esta é unha secuencia moi forzada en galego, prefírese “Temos cinco fillos”.

2. **DAT de finalidade co verbo *sum*** (“servir de algo”):

Navis magno usui fuit (“O barco serviu de gran utilidade”)

3. **Dobre DAT co verbo *sum*** (“servir de algo a alguén”, “ser algo para alguén”):

Ignis impedimento agricolis fuit (“O lume foi un atranco para os labregos”)

4. **DAT cos compostos de *sum* *praesum*** (“estar á fronte de”) e ***prosum*** (“servir de proveito”):

Labienus tribus legionibus praeerat ("Labieno estaba á fronte de tres lexións")

Tibi prodest Latinam linguam discere ("Sérveche de proveito aprender latín")

5. **DAT axente coa perifrástica de futuro pasiva:** Exemplo:

Nobis colenda est virtus ("A virtude debe ser practicada por nós" = "Debemos practicar a virtude")

2.1.6. O Ablativo (NOM)

Igual que o AC, este caso pode ser rexido por preposicións, aínda que, a diferenza do AC, non as precisa para desenvolver a función que denominamos Complemento Circunstancial (CC).

Esta función sintáctica é a cotío precisada mediante etiquetas tipo "de lugar", "de tempo", "de modo", "de compañía", "de instrumento"... É máis simple fixarse no que todas elas teñen en común: que o CC traballa como unha modificación, ben da acción ou proceso verbal, ben dunha oración enteira, como habemos ver máis adiante, cando tratemos da sintaxe da oración.

Voltando ó AB latino, a variedade de valores que pode aportar, coa axuda ou non de preposicións, parece poder encaixar en tres grupos:

1. **Separativo:** Indica o afastamento dun punto, en sentido concreto ou figurado.

Venimus (ex) urbe ("Vimos da cidade")

Cura homines somno privat ("A preocupación priva de sono ás persoas")

Igual que acontecía co AC de dirección, os nomes de cidades, illas pequenas e os substantivos **domus** e **rus** non precisan de preposición:

Redeunt Athenis ("Voltan de Atenas")

Para traducir este valor do AB podemos servirmos das nosas preposicións "de, desde". Unha excepción é o segundo termo da comparación de superioridade, que é posible expresar en AB sen a partícula *quam*, e para o que precisamos a nosa conxunción *que*:

Petrus fortior est Antonio ("Pedro é máis forte que Antonio")

2. **Instrumental:** Recolle o instrumento, xeito, ou compañía por medio da cal se consuma a acción ou proceso verbal. Estes casos permiten a tradución mediante a nosa preposición "con":

Cum sorore mea ambulo ("Camiño coa miña irmá")

Cornibus tauri se tutantur ("Os touros deféndense cos cornos")

Outros valores instrumentais precisan da nosa preposición "por" na tradución. É o caso do Complemento Axente (CAx) da pasiva, e tamén daqueles ABs nos que o contexto nos indique a noción de "causa":

Pompeius (a) Caesare victus est

Hostes metu se dediderunt ("Os inimigos entregáronse por medo")

Por último, a cualidade dunha persoa ou cousa tamén pode expresarse en AB, con este valor instrumental. Nesas ocasións, a nosa preposición que mellor o traduce é "de":

Britanni promisso capillo sunt (“Os britanos son de cabelo solto”)

3. **Locativo**: Indica o punto do espazo ou o tempo no que ten lugar a acción ou proceso verbal:

Gallaecia in Hispania est (“Gallaecia está en Hispania”)

Sex diebus hostes vicit (“Venceu ós inimigos en seis días”)

Moitas veces a preposición máis axeitada para traducir este valor é “en”, pero admítense outras (ou mesmo ningunha), sobre todo no caso do valor temporal:

Proximo mense veniemus (“Viremos o próximo mes”)

Unha vez máis, os nomes de cidade, illas pequenas, e os substantivos **domus** e **rus** non precisan de preposición para transmitir este valor. Pero aquí a cousa complicase un chisco:

- se os nomes de cidade e illas pertencen á 3ª declinación o AB sen preposición da ese valor locativo: **Tarracone** (“en Tarragona”). O mesmo acontece con **rus**: **ruri** (“no campo”).

- se eses substantivos pertencen á 1ª ou 2ª declinación, o valor locativo asúmeo a desinencia do XEN: **Romae** (“en Roma”), **Luci** (“en Lugo”). Polo que se refire a **domus**, que segue a 2ª declinación (aínda que se documentan formas flexionadas pola 4ª), o locativo é **domi** (“na casa”).

Igual que sucedía co DAT, algúns verbos intransitivos rexen AB. Isto quere dicir que o complemento que nos transitivos vai en AC (OD), nestes verbos vai en AB. Son case todos eles depoñentes (lembramos: teñen só formas pasivas, mais a súa tradución ás nosas linguas debe ser en activa). O exemplo máis claro e frecuente dánolo o verbo **utor**:

Milites gladio utuntur (“Os soldados empregan a espada”)

Como se pode apreciar, a tradución sitúa “espada” como OD, a pesar de que **gladio** en latín vai en AB. Existe a alternativa de traducir, por exemplo: “Os soldados sérvense da espada”; neste caso, o AB está traducido dun xeito máis literal.

2.2. A oración simple

Chamamos **oración** a aquela unidade sintáctica na que aparece **polo menos un verbo en forma persoal**. Así, consideramos que **o verbo é o núcleo (NUC) da oración**; isto débese a que é a clase de palabra que dá unha información léxica e gramatical máis completa.

O verbo, como sabemos, pode levar complementos dependendo del: o verbo e os seus complementos forman o que adoitamos chamar **predicado (PRED)**.

O seguinte elemento en importancia da oración é aquel que mantén concordancia co verbo: o **Suxeito (SUX)**, expresado en latín en NOM. Polo tanto, en principio, a oración ten unha estrutura dual ou de dous elementos básicos:

SUX – PRED

A partir de aquí podemos distinguir varios tipos de oración en latín (e tamén en galego e castelán), dependendo de diferentes criterios:

1. Polo tipo de verbo:

a) predicativas: nelas **o verbo concorda só co SUX**. A estrutura básica é igual á xa descrita:

oración	Romani	Graeciam ceperunt
estrutura	SUX	PRED
tradución	“Os romanos conquistaron Grecia”	

b) copulativas ou atributivas: nestas **o verbo concorda co SUX e tamén con outro elemento**, chamado **Predicativo (PTVO)** ou, máis frecuentemente, **Atributo (ATRB)**. Neste tipo de oracións, o PRED está formado unicamente polo verbo, que debe ser dos chamados copulativos: en latín, o verbo **sum** e todos os verbos conxugados na **voz pasiva**.

oración	Romani	audaces	fuerunt
estrutura	SUX	ATRB	PRED
tradución	“Os romanos foron audaces”		

2. Pola modalidade: A modalidade é a **actitude que toma o emisor respecto da mensaxe lingüística** que vai producir. Esta actitude só pode ser de tres tipos, dependendo de se apela directamente ó receptor ou non. Así, temos tres tipos de oracións segundo a modalidade:

a) declarativas: **afirman ou negan**. As oracións declarativas negativas presentan algunha palabra que aporta esa información, maiormente adverbios ou locucións adverbiais. As máis frecuentes son estas:

- **non**: a máis cotiá:

Hic alumnus non scribit (“Este alumno non escribe”)

- **neque / nec**: é unha negación copulativa, co que soe aparecer dúas veces nun espazo de texto curto. A primeira vez convén traducilo por “non”, e a segunda por “nin”

Nec puer nec puella veniunt (“Non veñen o neno nin a nena”)

- **ne... quidem**: tradúcese por “nin sequera”:

Ne vos quidem sapientiam muscae habetis (“Vós nin sequera tedes a sabedoría dunha mosca”)

Neste tipo de oracións, o modo habitual do verbo é o **indicativo**: o falante emprégao cando quere que o que di se entenda como real: **pluit** (“chove”, sexa verdade ou non). O subxuntivo está en latín moi orientado á subordinación, como habemos ver cando falemos das oracións que presentan máis dun verbo. Con todo, o subxuntivo pode aparecer en oracións simples, nas que introduce valores de significado como o desexo, a dúbida, a posibilidade... Todos eles teñen en común que pertencen ó eido do que o falante considera como non real, senón posible ou probable:

Sit tibi labor levis (“Que o traballo che sexa leve”)

Te domum ducerem, sed... ("Eu levaríate a casa, pero...")

b) interrogativas: mediante estas pedimos unha resposta ó noso interlocutor. Dentro delas distínguense dúas clases, dependendo do tipo de resposta que se demanda:

- totais: **agárdase unha resposta afirmativa ou negativa**. En latín presentan signo de interrogación ó final e algún adverbio ou partícula interrogativa ó principio. A máis cotiá é a **enclítica -ne**: vai sempre soldada á primeira palabra da oración interrogativa, e non é preciso traducila:

Fecistine madatum meum? ("Cumpriches a miña orde?")

Ademais deste **-ne**, poden aparecer outros adverbios, como **num** (pode traducirse por "acaso...?", "é que...?") que presupón unha resposta negativa, ou **nonne** (pode traducirse por "acaso non...?", "é que non...?"), que espera unha resposta afirmativa:

Num insanis? ("É que estás tolo?")

Nonne equum vidisti? ("É que non viches o cabalo?")

Estas interrogativas poden ser dobres, se introducimos unha disxunción ("ou"). Neste caso, poden adoptar dúas formas, co uso de varias partículas:

i) (**utrum**)... **an**: A primeira partícula pode aparecer ou non. Debemos estar atentos á segunda:

Vtrum id verum an falsum est? ("Isto é certo ou falso?")

ii) **-ne...annon**: A diferenza coa anterior está en que a segunda partícula é negativa:

Videsne puellam in horto annon? ("Ves á rapaza no xardín ou non?")

Por certo: a resposta afirmativa en latín foi expresada durante moito tempo, como tamén acontece en galego, co mesmo verbo da oración, mellor que cun adverbio como o noso "si":

Vivere vultis? Volumus ("Queredes vivir? Queremos")

- parciais: agárdase unha resposta doutro tipo (algún dato ou feito): van introducidas por pronomes ou adverbios interrogativos. O máis cotián entre os primeiros é **quis quae quid**. Os segundos atópanse sen dificultade no dicionario:

Quis nostrum loquebatur? ("Quen de nós estaba a falar?")

Vnde illi milites veniunt? ("De onde veñen aqueles soldados?")

Cur homo in pace vivere non audet? ("Por que o ser humano non ousa vivir en paz?")

c) exhortativas: con elas damos unha orde ó receptor. Se a orde é negativa, chámase máis ben prohibición. En latín exprésanse así:

- orde: a través do modo imperativo do verbo:

Nosce te ipsum ("Coñécete a ti mesmo")

- prohibición: de varios xeitos:

i) **ne** + pres./ pret. perf. de subxuntivo:

Ne edas / ederis ("Non comas")

Olo: non se debe confundir co **-ne** interrogativo: **este non é enclítico**:

ii) **noli** + infinitivo:

Noli me tangere ("Non me toques")

2.2.1. Orde de palabras

A flexión nominal en latín, mediante o sistema de casos e preposicións, indica con bastante claridade as funcións dos elementos na oración. Ademais, as formas persoais do verbo fan sempre evidente o protagonista da acción ou proceso. Gracias a isto, a orde de palabras en latín pode ser libre. Por exemplo:

Pantheram leo necat

Pantheram necat leo

Leo pantheram necat

Leo necat pantheram

Necat pantheram leo

Necat leo pantheram

Calquera destas posibilidades ten a mesma tradución: "O león mata á pantera". En inglés, por exemplo, a situación é totalmente distinta: non é o mesmo *The lion kills the panther* que *The panther kills the lion*. Ó non posuír desinencias casuais (nin aplicar preposición ó OD, como facemos en galego e castelán: "O león mata á pantera"), a orde de palabras é decisiva para o senso da oración: o SUX debe ir antes do verbo.

A pesar de esa liberdade que dá o sistema, no desenvolvemento do latín literario nótanse unha serie de tendencias na orde de palabras. Convén telas presentes á hora de enfrontarse ós textos, aínda tendo presente que non son normas fixas:

- colocación do verbo ó final da oración:

multa me sollicitant ("demándanme moitas cousas")

- colocación dos modificadores, sobre todo adxectivos e adverbios, antes do núcleo ó que complementan:

haec urbs ("esta cidade")

pulchra domus ("casa fermosa")

vir eximie doctus ("home extremadamente sabio")

2.2.2. Sintaxe do infinitivo e o participio

É preciso ter presente que **a comprensión e o dominio do funcionamento de infinitivo e participio latinos son fundamentais para adquirir destreza na tradución dos textos**. Aínda que non todos os autores as empregan coa mesma frecuencia, as construcións nas que participan son moi cotiás: se sabemos analízalas e interpretalas correctamente teremos un bo anaco do camiño andado.

2.2.2.1. O infinitivo

A sintaxe do infinitivo é verdadeiramente complexa, xa que este elemento pode ter un comportamento bastante diferente ó que amosa nas nosas linguas. Vexamos en que consiste, distinguindo entre tres construcións:

1. O infinitivo pode aparecer na oración cumprindo, de xeito análogo a outras clases de palabras, unha serie de funcións, igual que en galego e castelán:

Dulce est amare (“Amar é doce”: SUX)

Ego vivere amo (“Eu amo vivir”: OD)

Este xiro non debería causar problemas á hora de traducir, dada a semellanza co que acontece nas nosas linguas. Nas gramáticas ó uso é frecuente atopar a denominación “infinitivo concertado”.

2. Mais os autores latinos empregan moito unha construción moi característica, propia do infinitivo en presenza de determinados verbos, pertencentes a campos semánticos como “lingua”, “pensamento”, “vontade” ou “sentimento”. Vexamos o seguinte exemplo:

Te advenire gaudeo

Esta oración significa “Alégrome de que (ti) veñas”. A partir desta tradución, as gramáticas latinas tradicionais din que estamos diante dunha “oración de infinitivo obxecto non concertada, con SUX en AC”. Con isto quere dicirse que o SUX do verbo principal non coincide co do infinitivo. Efectivamente, **gaudeo** ten como SUX un **ego** elíptico, pero abondo presente por medio da desinencia **-o**. Con todo, **advenire** é un infinitivo, sen desinencia persoal: polo tanto, non pode ter ningún SUX. Así, na tradución “de que (ti) veñas”, o infinitivo é traducido por un verbo en forma persoal, cuxo SUX é a 2ª persoa de singular (“veñas”). Esta é a razón de que na maioría das gramáticas se diga que “o infinitivo pode levar un SUX en AC”. No exemplo visto, ese SUX sería o pronome persoal **te**, que está en AC, caso ó que se atribúen as funcións de o OD e o CC (en presenza de preposición). Xa que logo, pode o AC desenvolver a función de SUX en latín?

Non. O que aquí acontece é que a sintaxe do latín, como xa temos dito, non é a das linguas ás que se pode traducir. Unha vez máis, estamos diante dun idiomatismo: unha construción característica do latín sen equivalente exacto en galego e castelán. Esforcémonos por analizar esta construción sintáctica desde o mesmo latín:

Debemos contemplar o exemplo **Te advenire gaudeo** igual que estoutro:

Caesarem iustum censeo (“Considero xusto a César”)

Neste caso, **iustum** identificaríase sen dúbida como un PREDICATIVO (PTVO) de **Caesarem**, que á súa vez é OD de **censeo**. Substantivo e adxectivo concordan en xénero, número e caso (AC masculino sing). Se substituímos **iustum** por un infinitivo no mesmo exemplo teríamos:

Caesarem venire censeo (“Considero que César vén”)

A función de PTVO queda enmascarada porque o infinitivo non posúe flexión (ou sexa, non se pode declinar), e porque a nosa lingua nos fai empregar un xiro equivalente (non calcado) para traducir a secuencia, mais a función é idéntica: **é evidente que unha tradución como “Considero a César vir” non é aceptable.**

De todos xeitos, o que máis nos interesa é recoñecer esta construción en canto apareza nos textos, xa que é bastante frecuente, sobre todo nos historiadores. Así, **o modo de proceder á hora de traducir unha oración onde apareza un infinitivo** será o seguinte:

- **Comprobar a presenza dun infinitivo.**
- **Constatar que alomenos na oración hai unha palabra en AC.**
- **Identificar o NUC verbal da cláusula como un verbo con significado dos chamados “de lingua, pensamento, sentimento ou vontade”:** entre os máis cotiáns están **volo** (“querer”), **iubeo** (“mandar”), **dico** (“dicir”), **puto** (“pensar”), **arbitror** (“coidar”), **censeo** (“considerar”, “opinar”), e outros.

a) Traducimos o infinitivo por infinitivo e comprobamos que o resultado é coherente cos nosos usos lingüísticos, como neste exemplo:

Hic puer videre spectaculum vult (“Este neno quere ver o espectáculo”)

b) Se o mecanismo anterior non nos proporciona unha tradución axeitada, faremos o seguinte: **incluir un “que” entre o verbo e o infinitivo, traducir este último por verbo en forma persoal, e tamén a palabra ou palabras en AC como SUX deste.** Exemplo:

Caesar Gallos adesse dicit

1ª opción: “César di os galos achegarse” (como é evidente, non funciona)

2ª opción: “César di que os galos se achegan”

Debe quedar claro que “inimigos” é SUX de “se achegan” na tradución; mais non por iso deixa de ser AC/OD (**Gallos**) en latín.

3. Finalmente, existe un xiro sintáctico co infinitivo, que as gramáticas adoitan chamar “construción impersonal (ou persoal)”. Prodúcese cando **o verbo principal da oración pertence ó grupo dos “de lingua e/ou pensamento”, mais en pasiva.** Un exemplo pode ser o seguinte:

Ille vir vixisse diutius dicitur

Como vemos, aparece un infinitivo (neste caso, de pasado activo), mais non hai palabra ningunha en AC. Intentemos traducir a oración servíndonos da 1ª opción que vimos de ver ó final do apartado 2. Quedaría así:

“Aquel home é dito ter vivido moito tempo”

Está claro que non é satisfactoria. Xa que logo, estamos diante dun novo idiomatismo. Debemos proceder así:

- a) Traducimos o verbo pasivo polo que chamamos “impersoal” ou “pasivo reflexivo”: **“dise”**, en troques de “é dito”.
- b) Introducimos un **“que”** entre o verbo “impersoal” e a palabra ou palabras que están en NOM (no exemplo, **ille vir**), e rematamos traducindo o infinitivo por un verbo en forma persoal:

“Dise que aquel home viviit moito tempo”

Na nosa tradución “aquel home” pasa a ser SUX de “viviit”, á súa vez tradución do infinitivo **vixisse**. Mais en latín, **ille vir** segue a ser SUX de **dicitur**.

Só nos queda unha cuestión: ó ter que traducir o infinitivo por unha forma persoal debemos **optar por un tempo verbal** á hora de traducilo. Para isto pódense seguir as seguintes orientacións:

verbo principal	inf. de presente	inf. de pasado	inf. de futuro
puto ("coido")	Caesarem venire ("que César ven")	Caesarem venisse ("que César veu")	Caesarem venturum esse ("que César vai vir")
putavi ("coidei")	Caesarem venire ("que César viña")	Caesarem venisse ("que César viñera")	Caesarem venturum esse ("que César ía vir")

Como se pode apreciar, todo depende do tempo do verbo principal: un pasado como **putavi**, por exemplo, obriga a situar a acción ou proceso expresados polo infinitivo nun punto anterior ós que el expresa. Nos textos dos historiadores, como Eutropio, esta situación é a máis cotiá.

2.2.2.2. O participio

Tradicionalmente, distínguense dous comportamentos sintácticos do participio latino: **o concertado** e **a construción absoluta**.

1. Participio concertado: Para comprender e poder traducir con xeito unha oración na que apareza un participio concertado, debemos seguir sempre esta regra: **o participio vai integrado na oración á que pertence e concorda en xénero, número e caso cunha palabra ou palabras desa mesma oración**. Polo tanto, sempre será **un modificador (MOD)** dun constituínte da oración: **o seu comportamento sintáctico é moi similar ó dun adxectivo**, co que xa mantén semellanzas no nivel morfolóxico.

Moi similar, pero non idéntico. A diferenza débese á pertenza do participio ó sistema verbal: como os verbos en forma persoal, **pode levar complementos**. Isto é o que o fai especial, e tamén a razón de que ás veces cause dificultades á hora de traducir.

Pero case sempre teremos esta axuda: **o participio concertado adoita ir entre comas acompañado das palabras que lle serven de complemento**, mentres **a palabra ou palabras coas que concorda están fóra do período marcado polas comas**.

Dependendo do participio de que se trate, os complementos que poden levar son de diferente clase. As posibilidades son as seguintes:

a) participio de presente: o máis característico é o OD, en AC:

Omnes milites, Caesarem videntes, eum mirabantur

Neste exemplo, o participio **videntes** (NOM-AC pl masculino-feminino, pola 3ª declinación) concorda con **omnes milites** (NOM-AC pl masculino), SUX do verbo principal (**mirabantur**), e leva como OD propio, dentro do mesmo período enmarcado polas comas, a **Caesarem** (que está en AC, pero sing, polo que non pode concordar con **videntes**).

Xa que logo, dúas traducións posibles serían estas:

“Todos os soldados, que estaban a ver a César, admirábano”

“Todos os soldados, vendo a César, admirábano”

Como se pode comprobar nas traducións, “a César” é OD de “estaban a ver” e “vendo”, respectivamente: “estaban a velo”, “véndoo”.

b) participio de pasado: por ser pasivo, exclúe sempre o OD (salvo que pertenza a un verbo depoñente, *vid. infra*).

i) o máis cotián é que, de xeito parecido ó complemento axente das oracións pasivas, leve un complemento en AB, ás veces reforzado pola preposición **a/ab**. Exemplo:

In proelio rex, a gladio vulneratus, cecidit

Nesta ocasión, **vulneratus** concerta, en NOM masculino sing, con **rex**, mentres que **a gladio** complementa ó participio, de xeito que a tradución quedaría así:

“O rei, ferido por unha espada, caeu no combate”

ii) no caso do que o participio pertenza a un **verbo depoñente**, a pasividade desaparece, co que nos vemos obrigados a **traducir o participio de pasado como se fose de presente**. Exemplo:

Audax dux, milites hortatus, signum proelii dedit

O participio **hortatus** refírese a **audax dux** (todos en NOM masculino sing). Neste caso, a tradución podería quedar así:

“O ousado comandante, arengando ós seus soldados, deu o sinal de combate”

Como vemos, traducimos o participio de pasado por xerundio, que é unha das opcións recomendadas para traducir o de presente (*vid. supra*). E tamén, como o de presente, **pode levar OD**, como se puido ver no exemplo (“arengando ós seus soldados”: “arengándoo”)

iii) con este participio existe **unha construción que tamén escapa ó comportamento cotián**: non vai nun período marcado por comas. Este tipo responde ó seguinte exemplo:

Hispania capta magnam laetitiam Augusto attulit

Nesta ocasión **capta** concorda con **Hispania**, sen estar entre comas. A tradución literal sería:

“Hispania conquistada causou grande alegría a Augusto”

Con todo, na tradución é moito mellor substituír o participio por un substantivo abstracto da mesma familia léxica do verbo (“conquistar”: “conquista”), e traducir o substantivo que concorda con el por un CN. Deste xeito, a tradución quedaría:

“A conquista de Hispania causou grande alegría a Augusto”

c) participio de futuro activo: ó ser activo, permite, como o de presente, a presenza do OD, como neste exemplo:

Ille puer, aquam bibiturus, multo currit

O participio **bibiturus** (NOM sing masculino) concorda con **ille puer**, e leva **aquam** como OD. Así podería quedar a tradución:

“Aquel neno, que vai beber auga, corre moito”

d) participio de futuro pasivo: como acontecía co de pasado, a súa pasividade impide que leve OD como complemento. Mais é frecuente que leve, como na perifrástica de obrigación, un DAT:

Prudentia, nobis colenda, optima amica est

Como nos outros exemplos, o participio, neste caso **colenda**, concorda co substantivo **prudentia**, os dous en NOM sing feminino. Unha tradución é:

“A prudencia, que debe ser practicada por nós, é a mellor amiga”

De todos xeitos, este participio aparece con máis frecuencia na perifrástica de obrigación e en xiros coas preposicións **ad** e **in**, sobre todo.

2. Participio en construción absoluta: Defínese moi ben por contraste co xiro concertado:

a) lembremos que o participio concertado adoita ir entre comas acompañado das palabras que lle serven de complemento, mentres a palabra ou palabras con quen concorda están fóra do período marcado polas comas. Se nos fixamos nos exemplos do apartado anterior, é así en todos os casos. A seguir verémolos, co participio subliñado, a palabra ou palabras coas que concorda en cada caso resaltadas en azul, e as comas en vermello:

Omnes milites	 Caesarem <u>videntes</u>	eum mirabantur
In proelio <u>rex</u>	 a gladio <u>vulneratus</u>	cecidit
	<u>Ille puer</u> <u>aquam <u>bibiturus</u></u>	multo currit
<u>Prudentia</u>	 nobis <u>colenda</u>	optima amica est

b) a construción absoluta do participio require dúas condicións:

- que o participio e a palabra ou palabras que concordan con el estean **xuntos no mesmo período marcado por comas, que as separan do resto da oración** (por iso se lle chama “construción absoluta”).
- que o participio e a palabra ou palabras que concordan con el estean **en caso AB**. Por iso a este xiro sintáctico se lle chama comunmente **ablativo absoluto (AB ABS)**. Vexamos este exemplo

Finito bello, pax conciliatur

Como se ve, a secuencia **finito bello** cumpre as dúas condicións: participio e substantivo van xuntos nun período marcado por comas separado do resto da oración, e concordan en AB (neste caso, neutro sing). Nun exemplo como este, a **tradución máis directa** é como segue:

“Rematada a guerra, acórdase a paz”

Debemos atender a este feito: a tradución directa da construción absoluta **esixe situar o participio en primeiro lugar**, a diferenza do xiro concertado, no que os primeiros elementos en traducirse son a palabra ou palabras que concordan co participio. Vexámolo en dous exemplos contrapostos:

PARTICIOPIO CONCERTADO
Alumni, nondum a magistris <u>instructi</u>, scholam reliquerunt “Os alumnos, aínda non <u>instruídos</u> polos mestres, deixaron a escola”
ABLATIVO ABSOLUTO
<u>Instructis</u> omnino alumni, magistri eos gratulati sunt “ <u>Instruídos</u> por completo os alumnos”, os mestres felicítáronos”

O AB ABS é moi cotián nos textos históricos, xa que se converteu nun recurso moi cómodo para enmarcar unha situación que se está a narrar. En realidade, **funciona como un complemento circunstancial (non é casualidade que sexa un AB) que modifica ó conxunto da oración**. Por este motivo, cando xa se vai adquirindo certa habilidade no traballo cos textos, convén intentar outras formas de traducilo, como xiros que inclúan oracións das que chamamos subordinadas (“cando...”, “unha vez que...”, “posto que...”, “como...”). Vexamos posibles traducións dun dos exemplos anteriores:

<u>Finito bello, pax conciliatur</u>	
matiz temporal	“ <u>Cando remata a guerra</u> , acórdase a paz”
	“ <u>Unha vez rematada a guerra</u> , acórdase a paz”
	“ <u>Despois de rematar a guerra</u> , acórdase a paz”
	“ <u>Sempre que se remata unha guerra</u> , acórdase a paz”
matiz causal	“ <u>Posto que remata a guerra</u> , acórdase a paz”
	“ <u>Como remata a guerra</u> , acórdase a paz”

Se convertemos a oración en negativa, mesmo é posible un matiz concesivo:

Finito bello, pax non conciliatur

“Aínda que remata a guerra, non se acorda a paz”

Como se pode apreciar, debemos estar bastante seguros de comprender o contexto do fragmento que esteamos a traducir antes de escoller algún destes xiros. En caso de dúbida, debemos recorrer á que chamamos tradución directa: “Rematada a guerra...”, “Instruídos os alumnos...”, “Gañadas as eleccións...”, etc.

Para rematar, cómpre mencionar un tipo especial de AB ABS que é bastante cotián nos textos históricos. Trátase do que as gramáticas denominan **tipo Cicerone consule**. Nesta expresión vemos dous substantivos en AB e ningún

participio. Adóitase supoñer un suposto participio do verbo **sum**, que non existe. Unha vez máis, este argumento baséase na tradución: “sendo cónsul Cicerón”. Non é preciso supoñer ningún participio, aínda que é certo que se trata dunha expresión fixada: na República romana, o máis alto cargo, o de cónsul, só se desempeñaba durante un ano. Ese ano quedaba rexistrado como “o ano en que foron cónsules X e Y”, feito moi útil para datar os acontecementos. Así, **M. Messala M. Pisone consulibus** significa “no ano dos cónsules Marco Mesala e Marco Pisón”.



Podes atopar unha ilustración de todos estes contidos na presentación *Participia Infinitivaque*.

Cando nunha mesma oración se atopa máis dun verbo en forma persoal, temos que analizala como oración composta (tamén chamada “cláusula complexa” por algúns). En realidade, trátase de dúas oracións que manteñen entre si unha relación. Esta, como veremos, pode ser de tres tipos, segundo as escolas de análise sintácticas que seguimos aquí.

2.3. A oración composta

Fálase de oración composta cando **dentro dun mesmo período marcado entre dúas pausas fortes** (punto, punto e coma e/ou dous puntos) **aparece máis dun verbo**. Cando se trata de traducir textos latinos, as oracións compostas (xunto coas construcións de participio e infinitivo) obrigan a analizar o fragmento con calma e ver como está organizado internamente. Vexamos o seguinte exemplo:

Ex eis omnibus longe sunt humanissimi qui Cantium incolunt, quae regio est maritima omnis, neque multum a Gallica differunt consuetudine

(“Entre todos estes os máis civilizados son, con moito, os que habitan Cantium, que é unha comarca marítima na súa totalidade, e non se afastan moito dos costumes galos”)

Trátase dunha oración composta, formada á súa vez por catro oracións individuais. Como xa vimos na presentación *Sic Latini textus laborandi sunt*, debemos **delimitar** con claridade cada unha delas e observar **como se relacionan entre si**. Este último é un concepto básico, posto que cada un deses verbos é, loxicamente, núcleo de cadansúa oración.

Para poder analizar e traducir con éxito estas estruturas sintácticas, debemos coñecer cantos e que tipos de relación poden darse entre as oracións individuais que forman a oración composta. Estes tipos de relación dan nome tamén ás diferentes clases de oracións compostas e/ou ós seus compoñentes.

Antes de nada, débese ter en conta o seguinte: tanto coordinación como subordinación son dous tipos de relación non exclusivas da sintaxe da oración, senón que se dan na sintaxe en xeral. Atopámolas con facilidade dentro dos constituíntes da oración. Por exemplo:

Brutus et Cassius alique senatores Caesarem interfecerunt

(“Bruto e Casio e outros senadores asasinaron a César”)

O segmento subliñado é o SUX do verbo **interfecerunt**, e está constituído por tres elementos coordinados polas conxuncións copulativas **et** e **–que**.

Do mesmo xeito, o indefinido **alii** é un modificador do substantivo **senatores** (co que concorda, ademais, en xénero, número e caso).

Xa que logo, **coordinación e subordinación son dúas relacións sintácticas que poden darse no nivel da oración, mais tamén no dos seus compoñentes internos.**

Así, distinguiremos dous tipos de oracións compostas: as rexidas pola coordinación e pola subordinación.

2.3.1. A coordinación

Consiste na **simple suma de oracións simples que poderían ter existencia independente**. Todas elas teñen en común ser unha suma de oracións; esa suma podería, en principio, prolongarse indefinidamente.

Como acontecerá coas subordinadas, identificamos os tipos de oracións coordinadas polas **conxuncións** que aparecen, e que aportan **un matiz de coordinación diferente segundo o seu significado**. Así, recoñecemos esencialmente dous tipos de oracións coordinadas:

1. Copulativas: Identifícanse porque o elemento que une as diferentes oracións é unha conxunción copulativa, equivalente ás nosas “e” ou “nin”: **et, atque, -que** (enclítica), ou **nec/neque** (negativa):

notat et designat oculis (“marca e sinala cos ollos”)

corripuit sese atque refugit in nemus (“virouse e refuxiouse no bosque”)

lenibat animum lacrimasque ciebat (“abrandaba o seu espírito e deitaba bágoas”)

abiit nec respondit (“marchou e non respostou”)

A conxunción **et** ten ás veces un uso adverbial, traducible por “tamén”. Aparece cando non está exercendo de cópula: non hai elementos de idéntica categoría a cada lado da conxunción (clase de palabra ou función sintáctica: adxectivo + adxectivo ou SUX + SUX, p. ex.):

Sed et alii fecerunt (“Mais tamén outros o fixeron”)

Neste caso, **et** non pode unir a **sed** (conxunción) e **alii** (indefinido), xa que pertencen a clases de palabras diferentes e desenvolven papeis sintácticos distintos.

2. Disxuntivas: Tamén suman, pero propoñendo diferentes opcións. As conxuncións latinas que se empregan neste uso son **vel, -ve** (enclítica) e **sive/seu** (menos frecuente). Todas elas son traducibles por “ou”:

urbes aedificant vel pontes exstruunt vel turres erigunt

(“constrúen cidades ou tenden pontes ou erguen torres”)

quod dicis dicturusve sis (“o que digas ou vaías dicir”)

Ademais das anteriores, a conxunción disxuntiva máis empregada é **aut**. Con todo, o seu carácter coordinante é discutible, xa que non une, senón que máis ben separa: obriga a escoller entre dous e só dous termos. Lémbrese que definimos a coordinación como aquela relación sintáctica que permite engadir varios (e non só dous) elementos:

venis aut manes (“ves ou quedas”)

Para algúns lingüistas, tampouco aquí se pode falar de subordinación, pois ningún dos dous termos depende do outro: máis ben están enfrontados. Xa que logo, eses estudosos prefiren falar doutro tipo de relación sintáctica chamado “interordinación”..

3. Adversativas: As conxuncións que as introducen con máis frecuencia son **sed, at e verum**. Todas elas poden traducirse por “pero”, “mais”, “con todo”... Se nos fixamos en calquera exemplo, veremos que non cumpren o requisito da coordinación: non se poden seguir engadindo elementos unidos por esas conxuncións, xa que polo seu significado **opoñen un termo a outro**:

Romani uxores ducere volebant, sed ibi mulieres non erant

(“Os romanos querían tomar esposas, pero alí non había mulleres”)

Polo tanto, a estrutura volve ser de dous, e só dous, membros.

Nos textos latinos adoitan aparecer algunhas conxuncións inmediatamente despois dunha pausa forte, servindo de enlace co período que vén de rematar, e ó que se lle adoita dar tamén valor adversativo, se ben máis suave que o das citadas anteriormente. Neste emprego son moi cotiás **autem e enim**, a meirande parte das veces no segundo lugar na nova oración. En moitas ocasións é conveniente deixalas sen traducir, para non sobrecargar de conxuncións o noso texto:

Milites autem progredi iussit (“(Pero) mandou avanzar ós soldados”)

4. Outras: Tradicionalmente, as gramáticas consideran coordinantes outras conxuncións que, en realidade, o que fan é servir de enlace entre dous períodos, polo que a súa función talvez sexa mellor comprendida se se estuda no marco da sintaxe do parágrafo:

- ilativas ou conclusivas: **itaque, ergo, igitur** (“así pois”, “xa que logo”, “polo tanto”)

Itaque, Ovidio exsilium ferendum est

(“Xa que logo, Ovidio debe aturar o exilio”)

- causais: **nam** (“pois”)

Nam frater ingenium contulerat ad iuris civilis scientiam

(“Pois o seu irmán dedicara o seu enxeño ó coñecemento do dereito civil”)

Dado que, como dicíamos, serven para enlazar os diferentes períodos do texto (fragmentos entre pausas fortes) e darlle coherencia interna, van máis aló do concepto da coordinación entre oracións.

Para rematar, cómpre falar da **xustaposición**, que nos manuais de sintaxe tradicionais ven recollida como un tipo de coordinación. Máis ben é preciso considerala como **un xeito de unir varias oracións sen conxuncións**; entre esas oracións a relación pode ser coordinante (a maioría dos casos) ou ben subordinante:

- coordinante: **veni, vidi, vici** (“cheguei, vin, vencín”)

- subordinante: **oro venias** (“prégoche que veñas” ou, tamén posible, aínda que reservada a unha linguaxe moi formal, “prégoche veñas”)

Podes ver exemplos explicados de oracións compostas coordinadas na presentación *Coordinatio*.



2.3.2. A subordinación

É preciso advertir que faremos descrición breve de cada un dos tipos de oracións subordinadas: non procede profundizar moito, ó xeito dun manual completo de sintaxe, xa que moitas das particularidades sintácticas da lingua

literaria latina non adoitan aparecer nos textos que se están a manexar este curso. Ademais, moitas veces esas particularidades poden explicarse ben recorrendo á descrición básica de cada tipo de oración subordinada.

1. As oracións de relativo: Esta construción sintáctica é moi característica das linguas indoeuropeas, e non existe na maioría das demais familias lingüísticas do mundo. Por outra banda, mesmo dentro da sintaxe das nosas linguas, é única entre as oracións subordinadas, xa que a relación entre ela e a principal, da que depende, realízase a través dun pronome; e este é flexivo: presenta casos, como vimos na sección de morfoloxía.

Na maior parte dos casos (sobre todo en prosa), a oración relativa ábrese cun pronome relativo, dos cales o máis frecuente é **qui, quae, quod**. Tradúcese por “que” (mellor esta opción, sempre que sexa posible) ou “o/a cal, “os/as cales”. A súa flexión, como a dos substantivos e adxectivos, informa do xénero, número e caso. Esa posibilidade permítelle a **concordancia**, que, de darse, **sempre será cun elemento da oración principal, da que depende** (por iso a denominación de “relativa”, pola relación que se establece entre dous termos). Así, a oración relativa pode funcionar como un **modificador** dun elemento da oración principal, pero tamén acepta outras posibilidades, como a de ser **ela mesma un constituínte directo da oración principal** (SUX ou OD, p. ex.), sen depender de ningún outro elemento; finalmente danse algúns casos especiais:

a) modificador dun elemento da oración principal. A ese elemento chámase **antecedente, e concorda co pronome relativo en xénero e número, pero non en caso**. A non concordancia en caso débese a que o pronome relativo pertence á súa propia oración, na que ha desenvolver a función que lle corresponda. Tómesese o seguinte exemplo:

Asinus lyram, quae in prato iacebat, vidit

Para podela comprender e traducir correctamente, o primeiro que cómpre facer é delimitar a oración relativa. Esta comeza no pronome e remata onde aparece o seguinte verbo seguido dunha coma: **quae in prato iacebat**. Logo de ter feito isto, analizarase morfoloxicamente o pronome relativo. Estas son todas as posibilidades que ten **quae**:

- NOM sing feminino
- NOM pl feminino
- NOM pl neutro
- AC pl neutro

Atendendo ó verbo (**iacebat**), que está en 3ª persoa de sing (-t) pódense descartar os NOM pl. Para escoller entre o NOM sing feminino e o AC pl neutro, hai que buscar o elemento co que o pronome está relacionado na oración principal, ou sexa, o antecedente. Sempre será un substantivo, un adxectivo, ou un conxunto deles en concordancia. Así, en **Asinus lyram... vidit** (a oración principal), só dúas palabras poden cumprir esa función: **asinus** e **lyram**. Como xa se viu, **quae**, no contexto deste exemplo, só pode ser NOM sing feminino e AC pl neutro. Pola súa banda, **asinus** é un substantivo masculino singular, e **lyram** outro substantivo, pero feminino singular. Polo tanto, **quae** só pode concordar con **lyram**, xa que de ningún xeito é masculino. En conclusión, o antecedente de **quae** é **lyram**.

A identificación do antecedente do pronome relativo é moi importante: cando se traduza, é preciso comezar pola oración principal e, **ó chegar ó antecedente, insertar de inmediato a oración relativa**. No exemplo, a análise da oración principal é como segue:

Asinus	lyram	quae in prato iacebat	vidit
NOM sing/SUX	AC sing/OD	cláus. relativa	V

É moi importante ter en conta o seguinte: como se sabe, a orde de palabras en latín literario é diferente da do galego e o castelán, sobre todo pola tendencia a situar o verbo ó final das oracións. Como se pode ver no exemplo, os dous primeiros elementos da oración principal son o SUX e o OD; non se poden traducir na mesma orde, xa que iso causaría, ou ben moitas dificultades, ou ben unha tradución moi pouco axeitada: “Un asno unha lira viu”. Como norma xeral, cómpre afacerse, segundo se explicou no curso anterior, a esta orde para traducir: SUX – V – Complementos.

No exemplo proposto, a oración relativa depende do OD, xa que este (**lyram**) é o seu antecedente: como a oración relativa debe traducirse sempre despois do seu antecedente, neste caso cómpre esperar a traducir **lyram** antes de insertar a relativa. Deste xeito, a tradución quedaría así:

Asinus	lyram	<u>quae in prato iacebat</u>	vidit
“Un asno viu unha lira <u>que estaba quindada nun prado</u> ”			

A análise da oración relativa resulta ser esta:

quae	in prato	iacebat
NOM sing/SUX	AB sing/CC	V

Como tal oración, ten os seus constituíntes, entre os cales **quae** é o SUX, a pesar de que concorda con **lyram**, que é OD na oración principal. En realidade, acontece o que se dixo antes: a oración relativa é un modificador, neste caso dun substantivo, e cumpre esa función do mesmo xeito que o faría un adxectivo. Pódese comprobar substituíndo a oración relativa por un deles:

Asinus lyram albam vidit (“Un asno viu unha lira branca”)

As análises dun e outro exemplo non varían no esencial:

Asinus	lyram	quae in prato iacebat	vidit
NOM sing/SUX	NUC	MOD	
	AC sing/OD		V

Asinus	lyram	albam	vidit
NOM sing/SUX	NUC	MOD	
	AC sing/OD		V

A diferenza só reside na clase do MOD: un adxectivo (estrutura máis simple) no segundo caso, e unha oración (estrutura máis complexa) no primeiro.

As oracións relativas son un bo exemplo dunha capacidade que teñen as nosas linguas, e que lles dá unha estrutura moi áxil e flexible: unha oración está composta por elementos máis pequenos, pero dentro de cada un deles poden aparecer novas oracións. Para describilo graficamente, é como se dunha rama dunha árbore puidese xurdir unha nova árbore, sen romper por iso a relación coa primeira.

b) constituínte directo da oración principal: Esta posibilidade caracterízase pola ausencia de antecedente, polo que a oración relativa desenvolve ela mesma o papel de, sobre todo, SUX e OD. Nestes casos, na tradución debemos desbotar a posibilidade de “o/a cal, os/as cales”, e recorrer ás opcións “o/a que”, “os/as que”, ou “quen” (para masculino e feminino) e “o que” (para neutro). De seguido veranse algúns exemplos:

- SUX: **Qui stadium currit, eniti et contendere debet** (“Quen corre o estadio debe esforzarse e ser constante”)
- OD: **Atra mors quem puella amabat abstulit** (“A negra morte levou a quen a rapaza amaba”)

Este tipo de construción é característico das sentencias morais que, por certo, adoitan aparecer ó final ou ó principio das fábulas de Fedro.

Ás veces un período comeza por oración relativa e non segue ningunha oración principal da que dependa. Esta é unha posibilidade do latín literario que non ten correspondente nas nosas linguas, polo menos no rexistro coloquial nin no formal máis común: de novo, é un idiomatismo. Nese caso, recoméndase traducir o pronome relativo por un demostrativo ou un pronome átono, xa que a tradución literal quedaría forzada. Un exemplo podería ser o seguinte:

Vulpes uvam appetebat. Quam tangere non potuit

(Trad. literal: “Unha raposa quería coller unha uva. A cal non a puido tocar”)

(Trad. recomendada: “Unha raposa quería coller unha uva. Non puido tocala”)

c) casos especiais: Ás veces os textos ofrecen comportamentos das oracións relativas que se afastan un chisco do descrito ata aquí. O máis frecuente é o que se coñece como **atracción do relativo**: o pronome relativo, ou ben o seu antecedente, non toman os casos que lles corresponderían segundo o exposto ata agora. Pode ser de dous tipos:

- atracción do relativo ó caso do antecedente: o pronome relativo concorda tamén en caso co antecedente, en troques de tomar o caso que lle correspondería pola función que ten na súa propia oración:

Augurio quo ante diximus coacti sumus

(“Vímonos obrigados polo augurio que antes mencionamos”)

De seguir o patrón normal, debería aparecer **quod** en lugar de **quo**, xa que respecto a **diximus** cumpre a función de OD, e iso require o AC (“o que antes mencionamos” = “mencionámolo”). Se aparece **quo** débese a que **augurio** está en AB.

- atracción do antecedente ó caso do relativo: cando isto se produce, o antecedente adoita incluírse na oración relativa:

Cantium incolunt, quae regio est maritima omnis

(Trad. literal: “Habitan Cantium, a cal bisbarra é marítima na súa totalidade”)

(Trad. recomendada: “Habitan Cantium, bisbarra que é marítima na súa totalidade”)

De construírse segundo o xeito máis común e esperado, este exemplo debiera ser así:

Cantium incolunt, regionem quae est maritima omnis

Desta maneira, **regionem** figura como aposición a **Cantium**, que está en AC sing.

O verbo das oracións relativas pode estar en indicativo ou subxuntivo (mesmo algunha vez aparece o imperativo). Nos textos obxecto de traballo neste curso a maioría das veces vai aparecer o indicativo, cousa que nos facilita a tradución. Cando o latín emprega o subxuntivo nas relativas é para engadir un matiz de posibilidade, irrealidade, desexo ou dúbida, que son propios dese modo.

As gramáticas latinas adoitan dicir que as oracións relativas con subxuntivo adquiren un valor “adverbial” ou “circunstancial”: falan de relativas causais, condicionais, concesivas... Toda esta clasificación deriva, como noutros casos, de efectos derivados da tradución ás nosas linguas. Véxase este exemplo:

Haec qui videat, deos non esse confitebitur

As gramáticas tradicionais din que esta oración ten un valor condicional, e propoñen a seguinte tradución:

“Se alguén ve isto, ha recoñecer que os deuses non existen”

Pola contra, de seguir as indicacións dadas ata aquí, o resultado debe ser este:

“Quen vexa isto, ha recoñecer que os deuses non existen”

Esta forma de traducir respeta a oración relativa que aparece no texto latino, e resulta correcta e comprensible. Aínda que se poida deducir un “matiz condicional” no significado, non é preciso concluír que existen “relativas condicionais”. É máis sinxelo tratalas como o que son: auténticas oracións relativas.

Con todo, existen dous xiros que cómpre coñecer, pola súa frecuencia. Son o resultado de combinacións que producen idiomatismos, e convén traducilos por unha oración de finalidade:

- relativo + pres. / pret. imp. de subxuntivo:

Dominus servos misit qui praetori nuntium ferrent

(Trad. literal: “O amo enviou a uns escravos que levasen unha mensaxe ó pretor”)

(Trad. recomendada: “O amo enviou a uns escravos para levaren unha mensaxe ó pretor”)

Aínda que a tradución literal non agocha de todo o senso do texto, é máis clara a recomendada. O mesmo pasa no xiro que se expón a seguir.

- **quo** + comparativo de superioridade + subxuntivo:

Librum scripsit quo facilius Latinam linguam doceret



(Tradución literal: “Escribiu un libro co que ensinaria lingua latina máis doadamente”)

(Trad. recomendada: “Escribiu un libro para ensinar latín máis doadamente”)

A presentación *Subordinatio: Relativae* presenta doutro xeito estes conceptos, con exemplos comentados.

2. As oracións substantivas: Cómpre agora expoñer o funcionamento doutro gran grupo de oracións subordinadas: as que a cotío son chamadas substantivas (por creerse que desenvolven funcións que habitualmente cumpre o substantivo) ou completivas (por creerse que “completan” ó verbo dalgún xeito). Nas nosas linguas van, en xeral, introducidas pola conxunción “que”.

Considérase que unha oración subordinada é substantiva cando vai cumprindo unha destas funcións:

- SUX:

Mihi placet ut labores

(“Gústame que traballes”)

Moitas gramáticas (non só de latín) clasifican este tipo de oracións como “impersoais”. A realidade é que o SUX é a propia oración subordinada, cousa que se ve claro trocándoa por un substantivo: **Mihi placet donum** (“Gústame o regalo”). Vese claro que **donum** é o SUX: se na mesma oración aparece en plural, a persoa do verbo cambia a 3ª de pl, pola concordancia: **Mihi placent dona** (“Gústanme os regalos”)

- OD:

Caesar iussit ut milites castra munirent

(“César ordenou que os soldados fortificasen o campamento”)

Substituíndo a oración **ut... munirent** por un demostrativo, obtense **Caesar iussit id**: o demostrativo está en AC (“César ordenou isto” ou “César ordenouno”).

Hai tres clases de oracións substantivas, segundo o verbo do que dependen e a conxunción que as introduce:

a) introducidas por ut (afirmativa) ou ne (negativa): Normalmente dependen de verbos cos seguintes significados xenéricos: “querer”, “pedir”, “mandar”, “obrigar”, “suceder”, e algún máis. O modo verbal que rexen é o **subxuntivo**:

Pater ut venias vult

(“O teu pai quere que veñas”) – función de OD

Dux Germanorum milites obsecrat ne eum deserant

(“O líder dos xermanos suplica ós seus soldados que non o abandonen”) – función de OD

Eadem nocte accidit ut esset luna plena

(“A mesma noite aconteceu que había lúa chea”) – función de SUX

Os valores afirmativo e negativo, respectivamente, de **ut** e **ne** invértense se o verbo principal indica temor:

Timeo ut venias (“Teño medo de que non veñas”)

Vereor ne hostes adsint (“Temo que os inimigos se estean achegando”)

b) introducidas por **quin** ou **quominus**: Van gobernadas por verbos con significados tipo “impedir”, “prohibir” ou “dubidar”. O seu modo é tamén o **subxuntivo**. Son moito menos cotiás que **ut** e **ne**:

Quid obstat quominus beatus sim?

(“Que se opón a que eu sexa feliz?”) – función de SUX

Non dubito quin frater meus valeat

(“Non dubido de que o meu irmán estea ben”) – función de OD

c) interrogativas indirectas: Funcionan case igual que as interrogativas directas, con dúas diferenzas fundamentais: **non está o signo de interrogación (?)** ó final, e levan o verbo en **subxuntivo**. Ademais, dependen sempre de verbos con significado tipo “preguntar”, “saber”, “dicir” e similares. E sempre cumpren a **función de OD**:

Videamus rectene exercitium feceris = Videamus id

(“Vexamos se fixeches ben o exercicio” = “Vexámolo”)

Nescio quid agam = Nescio id

(“Non sei que facer” = “Non o sei”)

d) substantivas con quod e verbo en indicativo: como xa se viu, **quod** é unha forma do pronome relativo. Existe un xiro típico nos textos latinos que se debe traducir dun xeito concreto para que quede ben: neste caso “o cal” ou “o que” non adoitan funcionar. Velaquí un exemplo:

Multum hostes adiuuabat quod flumen nivibus creverat – función de SUX

(Tradución literal: “Axudaba moito ós inimigos que o río medrara polas neves”)

Unha tradución como as seguintes é máis áxil:

“O feito de que o río medrara polas neves axudaba moito ós inimigos”

“A circunstancia de que o río medrara polas neves axudaba moito ós inimigos”

Este tipo de solucións teñen levado ós gramáticos a considerar estas oracións como substantivas. Con todo, semella máis simple consideralas un tipo de relativas que requiren unha tradución algo distinta.

e) substantivas sen conxunción: a xustaposición expresa unha relación sintáctica sen conxuncións; e esta relación pode ser coordinante ou, como no seguinte exemplo, subordinante:

Cave scelus committas

(“Gárdate de cometer un crime”)



A presentación *Subordinatio: Substantivae* expón estes contidos doutro xeito, con exemplos comentados.

3. As oracións adverbiais propias: As denominacións das subordinadas que temos visto ata o de agora proceden das gramáticas tradicionais. Estas partían de que esas oracións cumprían unha función respecto da principal

semellante á de certas clases de palabras: como o substantivo é moitas veces (mais non sempre) o núcleo dun SUX ou un OD, falábase de oracións “substantivas”; coa mesma, se a función básica do adxectivo é a de modificador, ás oracións relativas tamén se lles chamaba “adxectivas”, xa que eran á súa vez un elemento modificador (aínda que non sempre, como vimos anteriormente).

Xa que logo, algunhas outras oracións subordinadas podían analizarse do mesmo xeito: hainas que exercen unha **modificación dalgún tipo sobre o verbo da oración principal ou sobre ela no seu conxunto**, ó xeito dos adverbios. Por iso se denominan oracións subordinadas adverbiais.

Se a modificación aportada por esas oracións informaba dunha circunstancia temporal, obtíñanse as adverbiais temporais; ou se daba datos sobre como se producía a acción ou proceso principal, falábase de adverbiais modais (ou comparativas). Estes dous tipos expóñense a seguir.

a) temporais: Informan dunha circunstancia temporal na que se desenvolve a acción ou proceso da oración principal, de xeito semellante a como faría un adverbio de tempo. Esa circunstancia pode ser anterior, simultánea ou posterior á principal, á que **modifica no seu conxunto**.

O modo verbal que aparece nestas oracións pode ser tanto o indicativo como o subxuntivo.

As conxuncións que marcan este tipo de oracións son abundosas, e pódense atopar doadamente no dicionario: **postquam** (“despois de que”), **antequam** (“antes de que”), a combinación **simul ac** (“ó mesmo tempo que”), **dum**, **donec**, **quoad** (“mentres”, “ata que”):

Postquam magister in aulam venit, alumni tacuerunt

(“Despois de que o mestre entrou na aula, os alumnos calaron”)

Dum haec geruntur, agricolae laborant

(“Mentres isto sucede, os labregos traballan”)

Con todo, hai tres delas que cómpre coñecer, pois poden causar dificultades debido a feitos de homonimia:

- **ubi** (“cando”): en ocasións, tamén significa “onde” (*vid. infra*). O contexto será o que axude a diferenciar entre as dúas posibilidades.

Vbi reges exacti sunt, Romani consules creaverunt

(“Cando os reis foron expulsados, os romanos elixiron cónsules”)

- **ut** (“cando”): como xa vimos, esta conxunción tamén introduce oracións substantivas (e algún tipo máis, como comprobaremos máis adiante). A clave para diferenciar os diversos usos está no modo verbal: o valor temporal esixe **indicativo**.

Multae legiones dilectae sunt ut Hannibal in Italiam venit

(“Alistáronse moitas lexións cando Aníbal entrou en Italia”)

- **cum**: dependendo do tempo e modo verbal da súa oración, posúe un valor ou outro, aínda que sen perder o matiz temporal:

i) “cando”: modo indicativo

Cum anima dolet, corpus plorat

(“Cando o espírito se doe, o corpo chora”)

ii) “ó + infinitivo” / xerundio: é o chamado **cum histórico** (xa mencionado cando abordamos os trazos da prosa de Eutropio). Leva o seu verbo en pretérito imperfecto de subxuntivo (sufixo modal-temporal: **-re-**) ou pluscuamperfecto do mesmo modo (sufixo modal-temporal: **-isse-**). Ó valor temporal engádeselle un matiz causal: “como consecuencia de ter sucedido isto...”. As traducións por “**ó** máis infinitivo, ou **xerundio** acaen a maioría das veces, aínda que hai outras opcións, como “cando...”, “logo de...” ou “mentres...”. Velaquí uns exemplos:

Cum triginta et duos annos regnasset, cum domo sua arsit

(“Ó reinar trinta e dous anos, ardeu coa súa casa”;

pero tamén, e case mellor:

“Ó rematar un reinado de trinta e dous anos, ardeu xunto coa súa casa”)

Caesar Tiberius, cum In Misenensem villam venisset suam, perspicit Tuscum mare

(“O César Tiberio, ó chegar á súa casa de Miseno, contemplou o mar tirreno”)

b) modais (ou comparativas): Informan do xeito como se desenvolve a acción ou proceso da oración principal, de maneira parecida a un adverbio de modo. As conxuncións que adoitan introducilas son **quam**, **ut** e **velut** (“como”), con indicativo no verbo. Tamén están **tamquam** e **quasi** (“como se”), con subxuntivo. Ás veces na oración principal aparecen os adverbios **ita**, **sic** (“así”), ou **aliter** (“doutro xeito”):

Illud ita fecimus ut optabas

(“Fixémolo como desexabas”

pero tamén, recollendo o **ita**,

“Fixémolo tal e como desexabas”)

Non aliter hodie cogitat quam olim cogitabat

(“Hoxe non pensa distinto de como pensaba antes”)

Victi loquuntur quasi vicissent

(“Os vencidos falan como se vencesen”)

Quizais se poida incluír nas subordinadas adverbiais un tipo que nas gramáticas adoita aparecer dentro das relativas. Poderíamos chamalas “adverbiais locais”, pois son as introducidas polos denominados “adverbios relativos”: **ubi** (“onde”; diferenciado polo contexto do **ubi** temporal; *vid. supra*), **quo** (“a onde”), **unde** (“de onde”) e **qua** (“por onde”). A súa consideración de relativos recíbena por considerarse que recollen, ó xeito de **qui quae quod**, un elemento da oración principal. Por exemplo:

Caesar in Belgicam contendit, ubi legiones hiemabant

(“César dirixiuse a Bélxica, onde invernaban as lexións”)

Efectivamente, **ubi** refírese a **in Belgicam**, polo que é posible considerar a subordinada como un modificador seu. Con todo, **ubi** non posúe flexión, ó revés de **qui quae quod**, e por iso non se pode establecer a concordancia propia

do pronome relativo. Se consideramos relativas estas oracións por referirse a un elemento da principal, tamén deberíamos facelo cos dous primeiros exemplos das comparativas:

Illud ita fecimus ut optabas

("Fíxémolo tal como desexabas")

Non aliter hodie cogitat quam olim cogitabat

("Hoxe non pensa distinto de como pensaba antes")

Poderíase interpretar que **ut optabas** é un modificador do adverbio **ita**, e que **quam olim cogitabat** o é de **aliter**. De todos xeitos, deixando debates sintácticos a parte, o importante é saber recoñecer estas estruturas para analizalas e traducilas correctamente.



Estes dous tipos de subordinadas aparecen expostos nas presentacións
Subordinatio: Temporales e *Subordinatio: Modales seu Comparativae*.



4. As oracións adverbiais impropias: Hai certas oracións que tradicionalmente se consideraron subordinadas adverbiais pero que, ó analizalas, resisten esa clasificación. Se no caso das temporais e modais era posible considerar que cumprían respecto á oración principal unha función modificadora semellante á dun adverbio, agora non vai ser tan doado: **non existen adverbios que indiquen “condición”, “causa” ou “finalidade”**, por exemplo, como si os hai que indican tempo.

Xa que logo, varias escolas lingüísticas teñen concluído que entre as oracións **condicionais, concesivas, finais, causais e consecutivas**, por unha banda, e as que habitualmente se chaman “principais” existe unha relación distinta da subordinante. En realidade, trataríase dunha **relación de dependencia mutua** entre dous membros dun período:

Si vis pacem, para pacem

("Se queres a paz, prepárate para a paz")

Os lingüistas que defenden esta postura argumentan desde a perspectiva da lóxica: nas condicionais, p. ex., dase unha condición para que algo se cumpra, ou sexa, exponse un elemento condicionante e outro condicionado. Desde este punto de vista, é certo que existe unha relación moi estreita entre os dous membros. Ademais, se quixésemos ampliar a estrutura, só poderíamos facelo engadindo, mediante coordinación, máis membros:

Si vis pacem et bella abhorres, para pacem et arma depone

("Se queres a paz e odias as guerras, preárate para a paz e abandona as armas")

Neste exemplo, seguimos a ter dous elementos principais: un condicionante e un condicionado, aínda que cada un deles é dobre. En calquera caso, o condicionante non é interpretable como modificador, senón que vai máis aló: interpón unha necesidade para que se cumpra o contido da oración principal. Ademais, se nas subordinadas podíamos substituír a oración por un demostrativo (como nas substantivas), un adxectivo (como nas relativas) ou un adverbio (nas adverbiais “propias”, xa descritas), iso non é posible nestouttras.

Contra este xeito de ver o problema actúa unha proba que se realiza en sintaxe: a da supresión. Se no exemplo proposto se suprime o condicionante, obtense o seguinte:

para pacem (“prepárate para a paz”)

O resultado é unha oración simple con total posibilidade de existir independentemente. Isto non se pode dicir do outro elemento: **Si vis pacem**, que demanda unha continuación.

En definitiva, non parece resolta a cuestión; mais o que interesa aquí, como sempre, é saber como funcionan este tipo de oracións en latín para poder recoñecelas e traducir correctamente os textos nos que aparezan.

a) condicionais: Co exposto no apartado anterior xa quedaron presentadas en certa medida. Van introducidas en latín polas conxuncións **si** (“se”) e **nisi** (“se non”). O membro que presenta algunha destas conxuncións chámase tradicionalmente **prótase** (ou condicionante), mentres o outro denomínase **apódose** (ou condicionado). O conxunto dos dous elementos recibe o nome de **período hipotético**. Este pode ser de tres tipos, xa que segundo o tempo e modo verbal que apareza, o falante pode enunciar a condición tendo en conta as probabilidade de que se cumpra.

- real: expresa que se o condicionante se cumpre, o condicionado dase por certo. Leva **indicativo** tanto na prótase como na apódose:

Si hoc facis, praemium tibi dabo

(“Se fas isto, heite premiar”)

- posible: indica que o condicionado podería cumprirse de darse o expresado no condicionante. O seu tempo e modo verbal é o presente ou pret. perfecto de subxuntivo nos dous membros:

Si hoc facias, praemium tibi dem

(“Se fixeses isto, eu habíate premiar”)

- irreal: o emisor considera o expresado no condicionante como imposible, polo que tamén o é o dito no condicionado. Os seus tempos e modos son o pret. imperfecto e o pluscuamperfecto de subxuntivo:

Si hoc fecisses, praemium tibi dedissem

(“Se tiveses feito isto, eu teríate premiado”)

b) concesivas: Neste tipo de oracións, **un dos membros expón unha dificultade ou obxección a que se cumpra o expresado no outro**. En latín as conxuncións que as introducen son, maiormente, **quamquam**, **etsi**, **tametsi** (con indicativo), e máis **quamvis** e **licet** (con subxuntivo). Todas elas tradúcense por “aínda que”:

Quamquam Helvetii a mari absunt, pisces edunt

(“Aínda que os helvecios están lonxe do mar, comen peixe”)

Quamvis dives sis, beatus non es

(“Aínda que sexas rico, non es feliz”)

c) finais: Nelas un dos membros explica a finalidade coa que se concibiu o outro. As conxuncións que as caracterizan son **ut** (afirmativa: “para que”) e **ne** (“para que non”). Como se lembrará, tamén introducen oracións substantivas e, como nelas, tamén esixen o modo **subxuntivo**. De feito, poderíase dicir que, se diferenciamos entre

unhas e outras débese a un efecto de tradución, xa que en latín van introducidas polas mesmas conxuncións e o mesmo modo. Para distinguir un uso do outro cómpre fixarse no verbo principal, pois as substantivas adoitan ir rexidas por verbos de significado moi concreto.

Por outra banda, cando o SUX dos dous membros é o mesmo, é posible empregar na tradución o noso xiro “para + infinitivo”:

Romulus Sabinos ad epulas invitavit ut eorum mulieres abriperet

(“Rómulo invitou ós sabinos a un banquete para raptarlles ás mulleres”)

Compárese con:

Romulus Sabinos ad epulas invitavit ut Romani cum eis amicitiam haberent

(“Rómulo invitou ós sabinos a un banquete para que os romanos tivesen amizade cos seus veciños”)



As presentacións *Subordinatio: Concessivae et Conditionales* e *Subordinatio: Finales*, ofrecen estes contidos dun xeito diferente, con exemplos comentados.



d) causais: Se nas condicionais existían dous elementos (condicionante e condicionado) que formaban un período hipotético, aquí poderíase falar dalgo semellante: unha causa e unha consecuencia. O membro “causa” vai introducido en latín polas conxuncións **quia**, **quoniam** e **quod**, traducibles por “porque”, “posto que”, “xa que”. O modo empregado adoita ser o **indicativo**, mais o subxuntivo non está excluído.

No caso de **quod** prodúcese homonimia co neutro singular do pronome relativo (**qui quae quod**). Para distinguir un uso do outro aconséllase verificar a ausencia de antecedente: lémbrese que en gran número de ocasións a oración relativa se refire a un elemento da principal, ó que modifica. Por outra banda, debemos tamén acudir ó contexto. Velaquí uns exemplos do uso das tres conxuncións causais:

Amantes mentem perdunt quia amor caecus est

(“Os namorados perden a cabeza porque o amor é cego”)

Quoniam magister non venit, alumni laeti sunt

(“Posto que o mestre non ven, os alumnos están ledos”)

Valens mortem invenit quod imprudens fuit

(“Valente atopou a morte porque foi imprudente”)

No derradeiro exemplo pódese comprobar que, no que sería a oración principal, non hai ningunha palabra que cumpra as condicións requiridas para ser antecedente de **quod**: estar en neutro singular (**Valens** é masculino singular e **mortem** é feminino singular). Asemade, a opción de traducir o **quod** como causal encaixa perfectamente.

e) consecutivas: Considéranse neste grupo as oracións introducidas por **ut** e que presentan no primeiro elemento adverbios como **ita**, **sic**, **tam** ou **adeo** (ou os adxectivos **talis**, **-e** e **tantus**, **-a**, **-um**). O seu modo verbal é o **subxuntivo**.

En realidade, pódense ver como unha variante das modais. Así, a oración consecutiva podería analizarse como un modificador externo da oración principal ou ben do adverbio presente nela.

Outra perspectiva consiste en consideralas como unha especie de reverso das causais, con dous membros. Neste caso, o elemento introducido pola conxunción é a consecuencia, e non a causa.

Unha vez máis, o obxectivo que se debe alcanzar é recoñecer esta construción para poder traducila. Como axuda, incluímos algún exemplo:

Hic liber tam longus est ut eum fere finire non potuerim

(“Este libro é tan longo que case non fun quen de rematalo”)

T. Pomponius Atticus sic Graece loquebatur ut Athenis natus videretur

(“T. Pomponio Ático falaba grego de tal xeito que parecía nacido en Atenas”)

A segunda oración exemplifica unha norma xeral: é aconsellable pospoñer a tradución do adverbio presente no primeiro membro ata inmediatamente antes de traducir o segundo membro: “de tal xeito que” recolle as palabras **sic** e **ut**, que en latín están separadas.

Estes contidos ofrécense, expostos doutro xeito, na presentación *Subordinatio: Causales et Consecutivae*.



3. O dicionario: instrucións de uso

Este curso xa non traballamos cun vocabulario escollido adecuado ós pequenos textos que traduciamos o ano pasado. Agora pasamos a manexar un instrumento léxico máis amplo: **o dicionario**.

Moitos estudantes de latín tenden a pensar que o dicionario fai moito máis doada a tradución, pero cando empezan a usalo ven que non é tan sinxelo. Isto débese a que nun vocabulario como o do curso anterior **só se ofrecía unha posibilidade de significado** a cada palabra, mentres que nun dicionario as entradas inclúen variantes de significado ou acepcións. O problema reside en que ás veces esas variantes de significado son moi numerosas (e, como comprobaremos, con matices moi distantes entre elas), e **temos que escoller**. Esa elección débémola facer polo contexto, intentando deducir o senso xeral do fragmento que estamos a traducir. Esta habilidade só se adquire con tempo e traballo constante: ó primeiro, quizais creremos que somos capaces de facer moi pouco, mais iremos avanzando paseniñamente.



Para iniciarte no emprego do dicionario de latín, é conveniente observar a presentación *Sic linguae latinae lexicon utendum est* ("Así debe empregarse o dicionario de latín"). Por suposto, tamén cómpre seguir sempre as indicacións do profesor.

REFERENCIAS

A seguir indicamos unha serie de referencias bibliográficas e dixitais onde se pode consultar con calma todo o relacionado coa morfoloxía latina.

1. LIBROS

VALENTÍ FIOL, E.; *Gramática de la lengua latina. Morfología y nociones de sintaxis*, Editorial Bosch, Barcelona, 1986

Trátase dunha gramática escolar moi empregada en España desde hai moitos anos. Inclúe unha morfoloxía e unha sintaxe (esta última poderá ser útil segundo vaíamos avanzando no curso) elaborada desde unha perspectiva moi tradicional. É bastante completa e cómoda de consultar. Recomendamos tela a man.

Síntesis de gramática latina. Bachillerato. Diccionario básico, Ediciones SM, Madrid, 2000.

É un resume da morfoloxía bastante claro, pensado para unha consulta rápida, con abondosas táboas de paradigmas. Inclúe un vocabulario básico (esta parte está máis ben pensada para o 1º curso de Bacharelato).

2. WEBS

Na rede Internet existen sitios interesantes relacionados coa gramática latina. Algúns mesmo ofrecen interactividade. Velaquí algúns:

http://es.wikipedia.org/wiki/Gram%C3%A1tica_del_lat%C3%ADn

É o artigo da Wikipedia en español sobre a gramática latina. Inclúe unha morfoloxía detallada e, o que é tanto ou máis interesante, unha escolma de referencias ó final.



<http://iessapostol.juntaextremadura.net/latin/gramatica/gramatica.html>



Ofrece paradigmas morfolóxicos e cuestionarios tipo test sobre eles.



<http://www.culturaclasica.com/gramatica/gramatica.htm>

Ademais de conter o mesmo das anteriores, permite descargar en formato comprimido unha utilidade para practicar o coñecemento das declinacións chamado *El juego de las declinaciones*.

<http://chironwiki.wikispaces.com/Gramatica+latina>

Na súa sección *Recursos generales* aparecen os contidos morfolóxicos sobre os que vimos de traballar.



<http://www.perseus.tufts.edu/cgi-bin/morphindex?lang=la>

Permite introducir unha palabra flexionada (substantivo ou adxectivo declinado, forma verbal) e devolve un resultado coa análise morfolóxica, ademais doutros datos. Está en inglés.

<http://archives.nd.edu/latgramm.htm>

Constitúe un dicionario interactivo que permite introducir a raíz dunha palabra e devolve todas aquelas que derivan dela, co seu significado. Se, ademais da raíz, tecleamos unha desinencia, dános o seu significado gramatical. Tamén está en inglés.



<http://collatinus.educarex.es/>

De novo un dicionario interactivo. Se introducimos un fragmento de texto, danos o significado das palabras, xunto con información morfolóxica. Pode elixirse o idioma no que se quere o resultado. Moi útil.

Hai moitas máis: aparecen tecleando “gramática latina” en calquera dos buscadores da rede.